

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 12 de decembro de 2025
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e corenta minutos do día 12 de decembro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Gabriel Rodríguez Alonso, Secretario accidental, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Luisa Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes a deputada *Paula Bouzós Barros* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35853.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2025.

2.35854.- CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS EN INSTALACÍONS DAS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO NOS ANOS 2025 E 2026. (EXPTE. 2025062381).

• ANTECEDENTES:

1º.- De conformidade có establecido na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na que se define ás entidades de iniciativa social como “*aquelas organizacións ou institucións non gobernamentais que xestionan centros ou desenvolven actuacións e programas de servizos sociais sen ánimo de lucro*”, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais está facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social, e as entidades de iniciativa social son un instrumento necesario para complementar as políticas públicas neste eido, sendo tamén obxectivo do sistema promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.



No seu artigo 31, a Lei 13/2008 establece que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social se promoverá mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego dos fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica dos servizos sociais.

A Deputación de Pontevedra ten o compromiso de apoiar estas entidades; neste contexto, en 2024 púxose en marcha un novo programa, “Provincia +inclusiva”, polo que se convocou unha liña de subvencións para gastos de investimento dirixida a entidades sen ánimo de lucro de municipios de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, e a través da cal se financiaron dezanove proxectos, como obras de acondicionamento, reforma ou ampliación de espazos accesibles, redacción da memoria do proxecto, adquisición de sistemas inclusivos de comunicación ou adquisición de axudas técnicas, entre outros. Para este 2025 incrementouse notoriamente o número de solicitudes, financiándose trinta proxectos, detectándose a necesidade de financiamento para investimentos de construción, rehabilitación, ampliación ou reforma dos centros de entidades de iniciativa social no ámbito das entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra.

No ámbito local, o artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que son competencias propias das Deputacións provinciais ou entidade equivalente, as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, entre outras, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

2º.- En base a dita competencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, pretende reforzar e aumentar o seu compromiso con estas entidades promovendo a mellora das condicións para a construción, rehabilitación, ampliación e reforma dos seus centros, convocando a liña de subvencións para a realización de obras en instalacións das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro nos anos 2025 e 2026.

3º.- O obxecto destas bases é regular o procedemento e aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a construción, rehabilitación, ampliación e reforma dos centros de entidades de iniciativa social nos anos 2025 e 2026.

A finalidade destas subvencións é promover a mellora, adecuación e modernización dos inmobles destinados ao desenvolvemento de actividades de interese social, impulsando intervencións orientadas tanto á mellora das condicións de conservación e funcionalidade dos edificios como á eficiencia enerxética, a seguridade de uso e a accesibilidade universal, en consonancia cos estándares normativos vixentes e cos principios de sustentabilidade, inclusión e calidade na prestación de servizos sociais.

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrència competitiva, conforme os criterios establecidos na base décimo terceira e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrència, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.
- c) Eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos.



As subvencións ás que fai referencia esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións ou entes públicos ou privados, salvo da Deputación de Pontevedra; non obstante, o conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo do obxecto da subvención.

4º.- Serán subvencionables, podendo incluír na solicitude un ou varios dos seguintes gastos:

As actuacións financiadas corresponderanse con obras executadas ou para executar dentro da provincia de Pontevedra no exercicio de 2025 e ata o 30 de decembro de 2026.

- **Gastos subvencionables:**

Os derivados das obras de construción, rehabilitación, ampliación e reforma dos inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por título de cesión dunha administración pública, cun período de cesión vixente por un mínimo de cinco (5) anos, contados a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

En consecuencia, serán gastos subvencionables as obras encamiñadas a:

- Construción de novas edificacións ou volumes funcionais asociados á actividade da entidade
- Rehabilitación de inmobles existentes, incluíndo intervencións estruturais, funcionais ou de adecuación ao uso previsto.
- Ampliación de superficies ou volumes edificadas, sempre que se axusten á normativa urbanística aplicable.
- Reforma de espazos interiores ou exteriores que comporte unha mellora substancial das súas condicións de uso, seguridade ou funcionalidade.
- Mellora da conservación. incluíndo actuacións dirixidas a garantir a durabilidade do inmovible, o seu mantemento estrutural e a adecuación ás esixencias básicas de seguridade e habitabilidade
- Mellora da eficiencia enerxética. contemplando intervencións tales como a optimización da envolvente térmica, a substitución de carpinterías, a implantación de sistemas de climatización eficientes, o uso de enerxías renovables ou calquera outra medida que contribúa a reducir a demanda e o consumo enerxético.

Así mesmo, terán a consideración de gastos subvencionables:

- Os custos de redacción do proxecto de execución sempre que estea elaborado conforme ao establecido no Anexo II: “Formato e contido dos proxectos de edificación e rehabilitación” e demais normativa de aplicación, e estea debidamente asinado dixitalmente;
- O custo de dirección facultativa, incluídos a dirección de obra, a coordinación de seguridade e saúde e o control de calidade da obra, sempre que sexan necesarios para a correcta execución das actuacións subvencionadas.

As solicitudes poderán conter un ou varios dos gastos subvencionables descritos.

5º.- A contía prevista para esta convocatoria, con cargo á aplicación orzamentaria 25/231.2311.789.00 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2025, ascende a seiscentos mil euros (600.000,00 €), que representa o máximo de obrigacións que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.



Poderán solicitar as subvencións deste programa as entidades sen ánimo de lucro que presenten un proxecto de obras cun orzamento mínimo de cen mil euros (100.000,00 €). Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada solicitude non poderá exceder do 80 % do seu orzamento total nin da contía de oitenta mil euros (80.000,00 €). No caso de que o importe solicitado supere estes limiares, non se terá en conta o exceso.

As contías de cada subvención serán aprobadas pola Xunta de Goberno, de acordo cos criterios establecidos na base décimo terceira.

6º.- Con data 24 de novembro de 2025 e 3 de decembro de 2025, respectivamente, Secretaría Xeral (CSV: 6UI132NMT8CY3364) e Intervención (CSV: VV29NJXVMAQLNV62) emiten informe favorable sobre a tramitación deste expediente.

• **PROPOSTA DE ACORDO:**

Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras é a Xunta de Goberno, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a Convocatoria e bases reguladoras das subvencións para a realización de obras en instalacións das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro nos anos 2025 e 2026.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có CSV: RBK092KWE8KBJ1ZA

Pódese verificar a integridade destes documentos no enderezo: <https://sede.depo.gal>

A continuación reproducése o texto íntegro das mesmas:

*CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCIONES PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS EN
INSTALACIONES DAS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO NOS
ANOS 2025 E 2026*

INTRODUCCIÓN

Na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense as entidades de iniciativa social como “aquelas organizacións ou institucións non gobernamentais que xestionan centros ou desenvolven actuacións e programas de servizos sociais sen ánimo de lucro”.

A Deputación de Pontevedra ten o compromiso de apoiar estas entidades; neste contexto, en 2024 púxose en marcha un novo programa, “Provincia +inclusiva”, polo que se convocou unha liña de subvencións para gastos de investimento dirixida a entidades sen ánimo de lucro de municipios de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, e a través da cal se financiaron dezanove proxectos, como obras de acondicionamento, reforma ou ampliación de espazos accesibles, redacción da memoria do proxecto, adquisición de sistemas inclusivos de comunicación ou adquisición de axudas técnicas, entre outros. Para este 2025 incrementouse notoriamente o número de solicitudes e detectouse a necesidade de financiamento para investimentos de



construción, rehabilitación, ampliación ou reforma dos centros de entidades de iniciativa social no ámbito das entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra.

Neste 2025 a Deputación Provincial pretende reforzar e aumentar o seu compromiso con estas entidades promovendo a mellora das condicións para a construción, rehabilitación, ampliación e reforma dos seus centros. Así, incrementarase a cobertura das subvencións en canto ao seu obxecto e contido, en resposta á demanda das propias entidades, sobre a base de que a mellora das instalacións dos centros redundará, á súa vez, nunha mellora na atención ás persoas usuarias, ao tempo que se activan mecanismos de interacción entre as entidades beneficiarias e estas persoas, as administracións e a cidadanía en xeral.

En definitiva, a adaptación dos inmobles ás normas de edificación, eficiencia enerxética, accesibilidade e habitabilidade impactará positivamente na saúde e benestar das e dos que utilicen as instalacións.

Desde o punto de vista competencial, o marco legal vixente en materia de servizos sociais e administración local ofrece tamén unha ampla base xurídica para desenvolver estas actuacións.

No artigo 2.3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, refírese que: “os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos nesta lei e nas normas que a desenvolvan”.

Por outra banda, segundo o establecido no artigo 3 da citada lei, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais está facilitarlle alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social, e as entidades de iniciativa social son un instrumento necesario para complementar as políticas públicas neste eido.

É tamén un obxectivo do sistema promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.

Por último, de acordo co artigo 31 do mesmo texto legal, o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego dos fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica dos servizos sociais.

Adicionalmente, no ámbito local, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, entre outras, conforme a letra d, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Xa que logo, de acordo con todo o exposto, e en virtude do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS); na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e no seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro; na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra; e na demais normativa aplicable, a devandita institución provincial promove esta convocatoria de subvencións, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento e aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a construción, rehabilitación, ampliación e reforma dos centros de entidades de iniciativa social nos anos 2025 e 2026.

A finalidade destas subvencións é promover a mellora, adecuación e modernización dos inmobles destinados ao desenvolvemento de actividades de interese social, impulsando intervencións orientadas tanto á mellora das condicións de conservación e funcionalidade dos edificios como á eficiencia enerxética, a seguridade de uso e a accesibilidade universal, en consonancia cos estándares normativos vixentes e cos principios de sustentabilidade, inclusión e calidade na prestación de servizos sociais.

Segunda. Principios reguladores

A xestión e a concesión destas axudas realizarase mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios establecidos na base décimo terceira e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.*
- c) Eficiencia na asignación e no uso dos recursos públicos.*

Terceira. Financiamento, contías e límites

A contía prevista para esta convocatoria, con cargo á aplicación orzamentaria 25/231.2311.789.00 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2025, ascende a seiscentos mil euros (600.000,00 €), que representa o máximo de obrigacións que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

Poderán solicitar as subvencións deste programa as entidades sen ánimo de lucro que presenten un proxecto de obras cun orzamento mínimo de cen mil euros (100.000,00 €). Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada solicitude non poderá exceder do 80 % do seu orzamento total nin da contía de oitenta mil euros (80.000,00 €).

Cuarta. Entidades beneficiarias e requisitos

Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, como titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nas áreas de inclusión, maiores e/ou discapacidade. En caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria.*
- b) Ter sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por “delegación permanente” aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades.*
- c) Estar ao corrente de pago no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social.*



d) *Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.*

Quinta. Gastos subvencionables e exclusións

As actuacións financiadas corresponderanse con obras executadas ou para executar dentro da provincia de Pontevedra no exercicio de 2025 e ata o 30 de decembro de 2026.

- *Gastos subvencionables:*

Os derivados das obras de construción, rehabilitación, ampliación e reforma dos inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por título de cesión dunha administración pública, cun período de cesión vixente por un mínimo de cinco (5) anos, contados a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

En consecuencia, serán gastos subvencionables as obras encamiñadas a:

- *Construción de novas edificacións ou volumes funcionais asociados á actividade da entidade*
- *Rehabilitación de inmobles existentes, incluíndo intervencións estruturais, funcionais ou de adecuación ao uso previsto.*
- *Ampliación de superficies ou volumes edificadas, sempre que se axusten á normativa urbanística aplicable.*
- *Reforma de espazos interiores ou exteriores que comporte unha mellora substancial das súas condicións de uso, seguridade ou funcionalidade.*
- *Mellora da conservación, incluíndo actuacións dirixidas a garantir a durabilidade do inmovble, o seu mantemento estrutural e a adecuación ás esixencias básicas de seguridade e habitabilidade*
- *Mellora da eficiencia enerxética, contemplando intervencións tales como a optimización da envolvente térmica, a substitución de carpinterías, a implantación de sistemas de climatización eficientes, o uso de enerxías renovables ou calquera outra medida que contribúa a reducir a demanda e o consumo enerxético.*

Así mesmo, terán a consideración de gastos subvencionables:

- *Os custos de redacción do proxecto de execución sempre que estea elaborado conforme ao establecido no Anexo II: “Formato e contido dos proxectos de edificación e rehabilitación” e demais normativa de aplicación, e estea debidamente asinado dixitalmente;*
- *O custo de dirección facultativa, incluídos a dirección de obra, a coordinación de seguridade e saúde e o control de calidade da obra, sempre que sexan necesarios para a correcta execución das actuacións subvencionadas.*

As solicitudes poderán conter un ou varios dos gastos subvencionables descritos.

- *Gastos non subvencionables:*

- *As obras realizadas en inmobles en réxime de alugueiro.*
- *Os gastos correntes de mantemento do local (tales como material funxible, auga, luz, teléfono, alugueiro e calquera outro de similar natureza).*
- *Calquera outro investimento cuxo obxectivo non se corresponda cos gastos subvencionables descritos anteriormente.*
- *Reformas que non supoñan un investimento no local.*
- *Partidas de natureza administrativa coma homologacións, licenzas ou legalizacións.*



Sexta. Compatibilidade e incompatibilidade das subvencións

As subvencións reguladas nesta convocatoria son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entidade pública ou privada, agás aquelas outorgadas pola Deputación de Pontevedra para esa mesma finalidade concreta. Non obstante, serán compatibles coas axudas da Deputación de Pontevedra destinadas á promoción da accesibilidade universal, eliminación de barreiras arquitectónicas, adquisición de axudas técnicas e sistemas inclusivos de comunicación do Servizo de Benestar Social.

En ningún caso a suma de todas as axudas poderá superar o 100 % do custo da actividade subvencionada, e procederase, se é necesario, á redución proporcional da contía concedida.

Para estes efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra e, nese caso, o importe da subvención será obxecto da minoración que corresponda.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para a presentación de solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será de tres (3) meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- *NIF da entidade solicitante.*
- *DNI/NIE da persoa representante da entidade solicitante.*
- *Domicilio fiscal da entidade solicitante.*
- *Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT e coa ATRIGA, e de estar ao corrente do pago coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

En caso de que as entidades solicitantes se opoñan a estas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos correspondentes. No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á entidade interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento.

Así mesmo, comprobarase a inscrición da entidade solicitante no RUEPSS da Xunta de Galicia, sen que sexa necesaria a referida autorización por tratarse dun rexistro público.



Décima. Documentación complementaria

A solicitude presentada no modelo normalizado irá acompañada da seguinte documentación que proceda, en arquivos independentes en formato PDF e co nome de cada un deles:

- *Acreditación da capacidade de representación da persoa que actúa en nome da entidade, en caso de non empregar un certificado electrónico cualificado de representante. Esta acreditación poderá facerse por calquera dos medios recollidos no artigo 5 da LPACAP e no artigo 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, e na demais normativa que resulte de aplicación.*
- *Escritura de constitución da entidade, estatutos vixentes e composición actualizada da xunta directiva.*
- *En caso de que o domicilio fiscal da entidade estea situado fóra da provincia de Pontevedra, documentación acreditativa de posuír unha sede ou delegación permanente nesta.*
- *Certificado bancario de titularidade da conta indicada na solicitude, en caso de non presentalo con anterioridade.*
- *Memoria descritiva do obxecto e finalidade do investimento redactado e debidamente asinado dixitalmente segundo o indicado no anexo I “Formato e contido das memorias descritivas do obxecto e finalidade do investimento para a realización de obras en instalacións de entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro” para o que se solicita a subvención, no que se describan o impacto social positivo esperado na saúde e benestar das persoas usuarias das entidades, os obxectivos xerais e específicos e os indicadores de avaliación, a metodoloxía empregada e as actuacións coas persoas usuarias que se levarán a cabo nas instalacións da entidade, así como o número de persoas que se beneficiarán deste e o ámbito territorial de actuación.*
- *Memoria fotográfica inicial do ámbito de actuación. Esta memoria deberá comprender fotografías datadas e identificadas, que describan o estado previo no que se pretende executar o investimento.*
- *Documento que acredite a titularidade ou o dereito de uso do inmovible de acordo coa base quinta.*
- *Proxecto de execución redactado e debidamente asinado dixitalmente segundo o indicado no anexo II “Formato e contido dos proxectos de edificación e rehabilitación”. Non son admisibles denominacións xenéricas, polo que os investimentos integrados no proxecto deben identificarse con precisión e claridade.*

En caso de que, debido á tipoloxía do investimento, non sexa necesario presentar un proxecto de execución, achegarase unha memoria técnica asinada polo persoal técnico competente e a documentación técnica xustificativa que resulte pertinente segundo a natureza das actuacións propostas.

- *Relación das autorizacións, licenzas, declaracións responsables e permisos preceptivos para realizar a actuación subvencionable e a documentación acreditativa de solicitalos ou, no seu caso, compromiso de que os solicitou. En todo caso, a súa obtención deberá acreditarse, como moi tarde, no momento da xustificación final.*

Se algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación presencialmente, dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na Sede electrónica da Deputación.

Calquera falsidade nos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida, ademais doutras medidas que para o caso poida arbitrar o organismo provincial.

A comprobación do contido dos proxectos será realizada polos servizos técnicos provinciais.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite.



A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenericos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenericos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Non será válido usar outros medios de comunicación, como correos electrónicos ou outros.

Así mesmo, só se poderá contactar coas entidades por teléfono con fins informativos ou aclaratorios; estas chamadas rexistraranse no expediente, pero non terán valor xurídico.

Décimo segunda. Proxectos de execución

Todas as obras e os proxectos de execución correspondentes deberán referirse necesariamente a obras completas; entenderanse por tales as susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, e incluírán todos e cada un dos elementos que sexan necesarios para o uso da obra.

Todos os proxectos de execución, que deberán cumprir a normativa vixente, incluírán a documentación establecida na normativa de aplicación e sectorial de obrigado cumprimento, e axustarán o seu contido ás seguintes instrucións:

- *Non se admitirán denominacións xenericas. Os investimentos que se integran no plan deben identificarse con precisión e claridade, sen dar lugar a ambigüidades, e debe existir concordancia entre a solicitude e a denominación do proxecto técnico. Se os proxectos, pola súa situación ou polas súas características, necesitasen permisos ou autorizacións doutros organismos, será a entidade a que os solicite. Esta deberá acreditar que conta con elas ou que as solicitou, e achegará os correspondentes documentos de concesión ou a súa solicitude.*

No caso de que algún proxecto afectase dalgún modo as franxas de protección dunha estrada provincial e, polo tanto, precisase unha autorización desta Deputación, a entidade solicitante deberá obtela a través do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais antes da concesión da subvención.

O Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra realizará a avaliación do proxecto de execución e comprobará que as obras previstas dispoñen ou se xa están solicitadas as autorizacións, licenzas, declaracións responsables e permisos preceptivos.

A emisión do informe técnico por parte do Servizo de Arquitectura será requisito vinculante para valorar e aprobar o proxecto de execución. Neste informe verifícarase que:

- *Se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica, que resulten de aplicación para cada tipo de proxecto.*

- *O proxecto reúne o contido mínimo establecido no anexo i da parte I do Real decreto 314/2006, do 30 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación, e demais documentos esixidos pola normativa de aplicación (Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción; Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos da construción e demolición etc.)*

- *O orzamento é, en liñas xerais, adecuado para executar a obra.*

- *O proxecto dispón ou ten solicitadas as autorizacións que resulten procedentes para poder iniciar as obras.*

Os informes técnicos emitidos polo Servizo de Arquitectura terán carácter vinculante para resolver o procedemento de concesión de subvencións. No caso de que o informe técnico sexa desfavorable, esta circunstancia constituirá motivo suficiente para a exclusión da solicitude, salvo que o órgano instructor, de maneira motivada, acorde abrir un trámite de corrección ou aclaración coa entidade solicitante para corrixir ou xustificar as deficiencias detectadas.



Décimo terceira. Valoración e criterios de concesión

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrência competitiva entre todas as asociacións sen fins de lucro que presenten a correspondente solicitude, acompañada da documentación esixida nestas bases, e as solicitudes valoraranse de acordo cos criterios do apartado 13.2.

13.1. Quedarán excluídas da valoración aquelas solicitudes que:

- *Incumpran as bases da convocatoria.*
- *Non se acollan ao obxecto subvencionable.*

13.2. Criterios de valoración

Os criterios de valoración das solicitudes clasifícaranse conforme o detallado nos apartados seguintes, nos que se indican as puntuacións máximas asignadas a estes.

Sobre un total de 100 puntos, os criterios de selección son:

13.2.1. Criterios relacionados coa entidade e o investimento obxecto de subvención (ata 60 puntos):

13.2.1.1. Ámbito de actuación da entidade no territorio da provincia (máximo de 20 puntos):

- *O ámbito de actuación da entidade é o concello no que se atopan as instalacións obxecto de subvención: 7 puntos.*
- *O ámbito de actuación da entidade abarca de dous a cinco concellos: 10 puntos*
- *O ámbito de actuación da entidade abarca de seis a dez concellos: 12 puntos*
- *O ámbito de actuación da entidade abarca de once a quince concellos: 15 puntos*
- *O ámbito de actuación da entidade abarca máis de 15 concellos: 20 puntos.*

13.2.1.2. Criterios relacionados co investimento obxecto de subvención (máximo de 40 puntos):

13.2.1.2.a. Persoas usuarias da entidade de iniciativa social, beneficiarias directas do investimento obxecto de subvención. (máximo de 20 puntos):

- *Ata 20 persoas beneficiarias: 10 puntos.*
- *Entre 21 e 40 persoas beneficiarias: 15 puntos.*
- *Máis de 40 persoas beneficiarias: 20 puntos.*

13.2.1.2.b. Porcentaxe de cofinanciamento do proxecto por parte da entidade (máximo de 20 puntos):

- *Entre o 21 % e o 30 % do importe do proxecto: 5 puntos.*
- *Entre o 31 % e o 40 % do importe do proxecto: 10 puntos.*
- *Entre o 41 % e o 50 % do importe do proxecto: 15 puntos.*
- *Máis do 51 % do importe do proxecto: 20 puntos.*

13.2.2. Criterios sobre a memoria descritiva e o proxecto de execución (ata 40 puntos):

13.2.2.1. Memoria descritiva do obxecto e finalidade do investimento, que serán valoradas polo persoal técnico do Servizo de Benestar Social da Deputación de Pontevedra (ata 20 puntos).



Valorarase a calidade técnica da memoria descritiva en todos os seus contidos necesarios:

- Descrición do impacto social positivo esperado na saúde e benestar das persoas usuarias das entidades: ata 8 puntos.*
- Elaboración dos obxectivos xerais e específicos e os indicadores de avaliación: ata 6 puntos.*
- Descrición da metodoloxía empregada e das actuacións coas persoas usuarias que se levarán a cabo nas instalacións das entidades de iniciativa social obxecto de subvención desta convocatoria: ata 6 puntos.*

13.2.2.2. Calidade do proxecto de execución, que serán valoradas polo persoal técnico do Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra (ata 20 puntos).

Valorarase a calidade técnica do proxecto en todos os seus contidos necesarios:

- Calidade e descrición do estado actual e análise dos condicionantes: ata 5 puntos.*
- Calidade das solucións propostas: ata 5 puntos.*
- Calidade das propostas construtivas: ata 5 puntos.*
- Nivel de detalle das solucións: ata 5 puntos.*

Décimo cuarta. Procedemento de concesión

14.1. A concesión das subvencións realizarase a través do procedemento de concorrència competitiva:

Establécese un prazo máximo de seis (6) meses, que se computará a partir do día seguinte ao de rematar o prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do establecido no artigo 23.1 da LPACAP. Transcorrido este prazo sen que se resolva nin se notifique a resolución, as entidades solicitantes poderán entender que a súa solicitude foi desestimada por silencio administrativo.

14.2. Instrución do procedemento:

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á xefa do Servizo de Benestar Social, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos e a documentación, así como avaliar as solicitudes segundo os criterios establecidos nesta convocatoria en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución provisional, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

Sen prexuízo das funcións de instrución atribuídas á xefa do Servizo de Benestar Social como órgano instrutor do procedemento, na tramitación das actuacións subvencionables referidas nestas bases intervirá o Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra, en calidade de servizo técnico competente pola súa especialidade de acordo co obxecto desta convocatoria.

2. A instrución do procedemento de concesión comprenderá as seguintes actividades ou fases:

- a) Unha vez presentadas as solicitudes, realizarase o seu estudo e comprobación por parte do servizo instrutor e solicitaranse as emendas que procedan, que deberán presentarse no prazo de dez (10) días hábiles.*
- b) Petición de informes: o órgano instrutor solicitará o informe do Servizo de Arquitectura sobre os proxectos presentados para os efectos de avaliar, de xeito motivado, que se cumpren os criterios establecidos nestas bases. No mesmo informe ou en informes técnicos adicionais incluíranse a relación detallada dos permisos, declaracións responsables ou autorizacións sectoriais para executar os investimentos e referiranse os que son achegados xunto coa solicitude e aqueles que, por falta de achegas, deberán ser remitidos e revisados no momento da xustificación.*
- c) O órgano instrutor realizará un informe-proposta no que se recollerá a valoración das solicitudes conforme os criterios de concesión e no que se detallarán o sistema de valoración seguido polos equipos técnicos dos servizos de Benestar Social e de Arquitectura, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e, no caso das excluídas, o motivo.*



Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe-proposta, fiscalizado pola Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle propondrá motivadamente ao órgano competente a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas. A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto por:

- *Presidencia:*
 - *A deputada ou o deputado delegado de Benestar Social ou persoa en quen delegue.*
- *Vogalía:*
 - *Unha técnica ou un técnico do Servizo de Benestar Social.*
 - *Unha técnica ou un técnico do Servizo de Arquitectura*
 - *Unha técnica ou un técnico da Intervención Provincial*
- *Secretaría:*
 - *Unha traballadora ou un traballador social do Servizo de Benestar Social.*

No exercicio das súas funcións, o órgano instructor e o Servizo de Arquitectura poderán solicitar tanta información ou documentación adicional estimen necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información e dos servizos.

A responsabilidade sobre a execución das actuacións subvencionadas correspóndelles na súa totalidade ás entidades de iniciativa social beneficiarias.

14.3. Resolución provisional de solicitudes:

Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instructor formulará a proposta de resolución provisional, que se lles notificará ás entidades solicitantes mediante a súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<http://sede.depo.gal>). Esta notificación terá o carácter de colectiva, para os efectos do previsto nos artigos 45.1.b da LPACAP e 24.4 da LXS.

As entidades propostas como beneficiarias admitidas e excluídas dispoñerán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da proposta de resolución provisional, para formular alegacións.

Neste trámite de audiencia poderán manifestar a súa aceptación ou renuncia; en caso de non comunicar nada no prazo indicado, a axuda terá a consideración de aceptada.

14.4. Resolución definitiva:

Unha vez efectuados os axustes derivados das renuncias e alegacións, formularase unha proposta de resolución definitiva, que conterá a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe, e na que se especificarán a avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

As subvencións concederanse atendendo á orde de puntuación obtida segundo os criterios de valoración relacionados na base décimo terceira e ata esgotar o crédito dispoñible para a convocatoria. En caso de empate nas puntuacións obtidas, terán prioridade as solicitudes cunha maior puntuación no apartado de criterios sobre a memoria descritiva e o proxecto de execución (base 13.2.2); de persistir o empate, levarase a cabo o desempate de acordo a un sorteo.

A Xunta de Goberno, logo do informe da Intervención, resolverá definitivamente a aprobación das subvencións e indicará as entidades beneficiarias e os importes concedidos. A resolución incluírá a relación de solicitudes denegadas e os motivos da súa exclusión.

As entidades beneficiarias poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOPPO da resolución definitiva de concesión.

A resolución definitiva ponlle fin á vía administrativa. Contra ela poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP) ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de



Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno.

Décimo quinta. Notificacións

As resolucións e os actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada Única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente desde <https://debu.redsara.es>.

A notificación entenderase practicada no momento en que se acceda ao seu contido e considerárase rexeitada cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practícaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo sexta. Modificación da resolución da concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.3.l da LXS, logo da solicitude suficientemente xustificada, que se deberá presentar antes de rematar o prazo de execución inicialmente concedido. En ningún caso, na modificación do proxecto se permitirá variar o obxecto e a súa finalidade. O órgano competente para conceder estas axudas poderá acordar a modificación da resolución a instancia da entidade beneficiaria, e deberán cumprirse, en todo caso, os requisitos recollidos no artigo 64 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS.

A modificación só será posible en caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria tras aplicar os criterios de concesión nin se prexudiquen dereitos de terceiras persoas, e non deberá variarse o destino ou finalidade da subvención. Débense respectar as contías e límites establecidos na base terceira.

En caso de que a execución do proxecto subvencionado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, o pago da subvención realízase tras aplicar a porcentaxe de financiamento respecto do custo real do proxecto executado e xustificado.

En ningún caso o menor custo de execución do proxecto subvencionado pode supoñer unha execución deficiente deste, e a entidade beneficiaria da subvención debe cumprir as condicións da concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se lle concedeu a axuda.

Décimo sétima. Execución dos investimentos

As obras serán executadas polas respectivas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro segundo o correspondente proxecto técnico de execución, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

Os investimentos deberán estar executados na súa totalidade o 30 de decembro de 2026; en todo caso, o prazo de xustificación será ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.

A copia da acta de comprobación de comezo de obra que se redacte remitiráselle á Deputación xunto coa fotografía do cartel de obra que acredite a difusión dada ao financiamento outorgado polo organismo provincial, que se colocará no momento da sinatura da acta.



A entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro remitiralle á Deputación unha copia da acta final de obra ou certificado final de obra.

Décimo oitava. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo novena. Obrigacións das entidades beneficiarias

De conformidade co previsto nestas bases e co establecido no artigo 14 da LXS, as entidades están obrigadas a:

- *Destinar o importe das subvencións a cumprir a finalidade que fundamenta a súa concesión.*
 - *Realizar as actuacións obxecto de subvención nos prazos sinalados nestas bases.*
 - *Destinar os bens inmoables ao fin concreto polo cal se lle conceden a subvención durante un período mínimo de 5 anos.*
 - *Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, para o que presentarán tanta información se lles requira no prazo que estableza a institución provincial, conforme o estipulado no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*
 - *Comunicarlle á Deputación de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións subvencionadas.*
 - *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos.*
 - *Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas. Para estes efectos deberán:*
 - *Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade o apoio dado polo organismo provincial.*
 - *Acreditar a publicidade desde o inicio da obra, e indicar as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria.*
 - *Facerse cargo económica e fisicamente dos carteis das obras que se realicen e da súa retirada tras rematar o prazo de garantía. Estes carteis colocaranse nun lugar suficientemente visible.*
 - *Comunicarlle á Deputación as distintas visitas de obra e, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, o lugar, a data e hora do acto de recepción da obra ou da subministración e, de ser o caso, da inauguración do investimento.*
- Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á imaxe institucional. Para estes efectos, en www.depo.gal atópanse os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.*
- *As entidades sen fins de lucro estarán obrigadas a cumprir coa normativa de aplicación para realizar obras e adquirir bens inventariables, así como a normativa sectorial aplicable en materia de permisos, licenzas ou calquera outro asunto relacionado co obxecto da subvención. O incumprimento destas obrigacións poderá dar lugar á perda da subvención.*

Vixésima. Xustificación

Todos os investimentos deberán estar executados nas datas indicadas na base décimo sétima e xustificarse no prazo indicado nesa mesma base. O incumprimento destes prazos dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.



A xustificación da subvención realizarase coa achega de xustificantes de gasto, certificacións, facturas e da demais documentación xustificativa, segundo o previsto nesta convocatoria.

Así, as entidades beneficiarias deberán presentar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, en todo caso, a seguinte documentación:

- *Memoria explicativa do investimento realizado e dos resultados obtidos, que inclúa unha reportaxe fotográfica, asinada electronicamente polo presidente ou pola presidenta da entidade beneficiaria ou por quen actúe en representación desta. A presentación das fotografías farase de forma que se identifiquen os lugares e o momento da execución á que correspondan (antes, durante e despois).*
 - *Conta xustificativa dos gastos no modelo normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (formulario 100.001), asinada electronicamente e debidamente cuberta, na cal se relacionarán as facturas ou documentos probatorios no tráfico mercantil e administrativo (identificaranse o proveedor, NIF, número de factura, concepto e importe) que xustifiquen a execución do proxecto que fundamentou a resolución de concesión. Os gastos xustificadas deberán coincidir exactamente cos conceptos incluídos no orzamento inicial, e unicamente se permitirá a súa adaptación nos termos especificados na base décimo sexta. Non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida e da porcentaxe de financiamento correspondente á concesión.*
 - *Facturas dos gastos realizados, que deberán detallar as unidades e os prezos unitarios. De non estar correctamente tipificado o gasto, as facturas non se admitirán a trámite, o que dará lugar á perda da subvención concedida. De conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que se identifiquen a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Só se poderá empregar o pago en metálico excepcionalmente cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, en relación cos artigos 31.2 e 37 da LXS, sempre que o gasto supere o importe de novecentos euros (900,00 €).*
 - *Acreditación da obtención das autorizacións, declaracións responsables, permisos e licenzas pertinentes, no caso de non achegalos con anterioridade. De non acreditarse o cumprimento desta circunstancia no momento da xustificación, considerarase unha causa de perda da subvención.*
 - *A acta de comprobación de implantación ou de comezo de obra.*
 - *A acta final de obras ou certificado final de obra.*
 - *Acreditación do cumprimento da obriga de darlle difusión ao financiamento obtido. En caso de que figuren logotipos doutras entidades no material gráfico empregado, deberase aclarar o motivo da súa inclusión.*
 - *Presentar polo menos tres ofertas de diferentes provedores, segundo o ao artigo 31.3 da LXS.*
 - *Poderase considerar como gasto subvencionable o gasto feito e xustificado, aínda que non estea pagado antes da presentación da xustificación, sempre que se pague no prazo máximo dun mes dende que se pague a subvención á persoa beneficiaria. Este aspecto comprobarase cando se faga o control financeiro.*
- A Deputación poderalles requirir ás entidades beneficiarias que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da xustificación presentada e a comprobación da execución do proxecto subvencionado.*



A documentación xustificativa será comprobada polos servizos de Benestar, Arquitectura e Intervención da institución provincial. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución dos investimentos por parte dos servizos técnicos da Deputación, que verificarán as certificacións de obras e facturas remitidas. Esta comprobación material do investimento é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

En todo caso, a Deputación, en virtude das facultades que ten atribuídas, resérvase as facultades de inspección e comprobación das obras en calquera momento. A este fin, as entidades beneficiarias, a requirimento da Deputación, estarán obrigadas a comunicar as datas de inicio e fin das actuacións subvencionadas.

O incumprimento da obrigación de xustificación implicará a perda da subvención.

Vixésima primeira. Pagamento e pagos a conta

Para facer efectiva a subvención terase en conta o seguinte:

- *En caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.*
- *En caso de que se xustifique un gasto inferior, aboarase a parte proporcional da subvención que corresponda.*

O pago da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade na solicitude.

De conformidade co disposto no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, no que se contempla a posibilidade de facer pagamentos á conta ou anticipos, en casos especiais debidamente xustificados pola entidade solicitante. Procederase ao pagamento do 50 % da subvención unha vez acreditada a execución material mínima do 50 % da obra subvencionada, mediante certificación técnica e a correspondente documentación económica. O importe restante aboarase tras a xustificación total.

Vixésima segunda Réxime xurídico

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. De forma supletoria, aplicarase o disposto na LXS, na LSG, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e na restante normativa aplicable.

Así mesmo, serán aplicables a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, a LPACAP e as demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, as de dereito privado.

Vixésima terceira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a entidade beneficiaria declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven. A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As entidades interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



ANEXO I. FORMATO E CONTIDO DA MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTUACIÓN A REALIZAR DO OBXECTO E FINALIDADE DO INVESTIMENTO PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS EN INSTALACIÓNS DE ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO.

I.1. FORMATO

O idioma de redacción da memoria descritiva será preferiblemente o galego, aínda que se admitirá tamén o castelán.

En todo caso, o tamaño e a calidade dos textos teñen que ser os adecuados para que, ao reproducilos, o seu contido sexa claramente visible.

O proxecto entregárase en formato PDF.

I.2. CONTIDO DA MEMORIA DESCRIPTIVA

Na memoria descritiva deben desenvolverse por completo todos os datos e as precisións necesarias para poder avaliala.

I.2.1. Documentos da memoria descritiva.

A información mínima que conterá será a seguinte:

-Índice

-Descrición detallada do impacto social positivo esperado na saúde e benestar das persoas usuarias da entidade.

-Elaboración dos obxectivos xerais e específicos que se pretenden acadar, así como os indicadores de avaliación destes.

-Descrición da metodoloxía empregada no desenvolvemento dos plans, programas e proxectos da entidade e nas actuacións coas persoas usuarias que se levarán a cabo nas instalacións das entidades de iniciativa social obxecto de subvención desta convocatoria.

-Definición do ámbito de actuación da entidade no territorio da provincia.

-Número de persoas beneficiarias directas do investimento obxecto de subvención.

-Información sobre a porcentaxe da achega económica propia da entidade para o investimento obxecto de subvención.

-Constancia da situación xurídica das instalacións (en propiedade, cesión ou outros).

-Motivos e finalidades que xustifiquen a realización do investimento e, sempre que sexa posible, incluíranse fotografías que permitan unha mellor identificación da intervención que se vai executar.

- Memoria fotográfica inicial do ámbito de actuación. Esta memoria deberá comprender fotografías datadas e identificadas, que describan o estado previo ao que se pretende executar o investimento.

ANEXO II. FORMATO E CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRAS EN INSTALACIÓNS DE ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO.

I.1. FORMATO

O idioma de redacción do proxecto será preferiblemente o galego, aínda que se admitirá tamén o castelán.

En todo caso, o tamaño e a calidade dos textos, anotacións e debuxos teñen que ser os adecuados para que, ao reproducilos, o seu contido sexa claramente visible.

O proxecto entregárase en formato PDF.

I.2. CONTIDO DO PROXECTO

No proxecto deben desenvolverse por completo todos os datos e as precisións necesarios para poder executar as obras; para iso, deberá conter a documentación prevista a continuación neste apartado.

Así mesmo, o proxecto deberá cumprir todas as disposicións normativas vixentes aplicables aos proxectos de obras e as instrucións e recomendacións que resulten de aplicación, e quedar claramente especificado que estas se cumpren nos seus correspondentes apartados.



1.2.1. Documentos do proxecto

A documentación mínima que conterán os proxectos será a establecida no anexo I do Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación:

-Índice

1. Memoria xustificativa e descritiva:

- Descrición dos axentes que interveñen.*
- Datos da localización.*
- Datos da contorna.*
- Memoria urbanística.*
- Descrición xeral da edificación.*
- Obxectivos do proxecto.*
- Documentación fotográfica.*
- Proposta de intervención.*

2. Memoria construtiva:

- Memoria construtiva na que se especifiquen os materiais que se van empregar e resolución formal dos sistemas construtivos deseñados.*
- Memoria específica e fichas xustificativas de que se cumpren as normativas técnicas de aplicación en cada caso.*

3. Anexos:

- Anexo do cálculo das instalacións de acordo coas normativas vixentes, se resulta procedente.*
- Anexo do cálculo de estruturas de acordo coas normativas vixentes, se resulta procedente.*
- Programa de traballo.*
- Calquera outro que resulte preceptivo en aplicación da lexislación vixente para a consecución efectiva dos obxectivos destas bases.*

4. Planos:

Incluíranse todos os planos de conxunto e de detalle necesarios para a perfecta definición da obra e a súa exacta realización. Os detalles desenvolveranse ata o nivel preciso que defina totalmente a obra proxectada. Os planos deberán ser o suficientemente descritivos para que poidan deducirse deles as medicións que sirvan de base para as valoracións procedentes.

5. Prego de prescricións técnicas:

- Prego de prescricións técnicas particulares.*
- Relación da normativa de obrigado cumprimento.*

6. Estudo de seguridade e saúde:

Deberá conter todos os documentos que resulten preceptivos segundo a Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e o Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, y demais normativa vixente de aplicación.

7. Control de calidade:

Definirá todos os ensaios, probas e controis que se deban realizar, tanto os normativos como aqueles outros que a persoa ou entidade redactora do proxecto considere necesarios para executar correctamente a actuación.



8. Estudo de xestión de residuos de construción e demolición:

En cumprimento do previsto no Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no proxecto de execución da obra deberase incluír un estudo de xestión dos residuos de construción e demolición.

9. Orzamento:

-Medicións:

As medicións sempre estarán referidas a datos existentes nos planos e serán o suficientemente detalladas para permitir a súa fácil comprobación. Dividiranse no número de apartados e subapartados necesarios para que queden perfectamente definidas as unidades de obra que se integran en cada unha das etapas de execución separadas previstas no proxecto.

-Cadro de prezos (unitarios, auxiliares e descompostos).

-Orzamento de execución material e orzamento base de licitación:

O presuposto de execución material (PEM) formarase coa execución material deducida a partir da base dos prezos unitarios. Dividirase nas etapas ou capítulos en que se desenvolva o proxecto. Incluírá en capítulos independentes o orzamento de control de calidade, de seguridade e saúde e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición. Así mesmo, conterá prezos unitarios e descompostos.

-Resumo.

3.35855.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PORTAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ENSANCHE E ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA EP 8101 PORTAS-ROMAÍ, DENDE O P.Q. 0+000 AO 3+350 (CONCELLO DE PORTAS)” (EXPTE. 2025052274)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.



Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover este proxecto no Concello de Portas co obxecto de definir as obras do ensanche e acondicionamento na EP81001 Portas-Romai, a actuación prevese no treito da estrada, comprendido entre o P.Q.0+000 e 3+350. Executarase unha reforma e redistribución de espazos existentes mediante a ampliación da plataforma, e aproveitando espazos existentes de cunetas en terra para converter en accesibles zonas que non o son dado que na actualidade non hai itinerarios peonís seguros.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	1.144.859,95 €
IVE 21%	240.420,59 €
Presuposto base de licitación con IVE	1.385.280,54 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente:

- ☐ Certificado de acordo plenario do Concello de Portas data 15 de setembro de 2025 aprobación o texto do Convenio (CSV: 9QT5RZCFPPYTSYWTT3SQEHAFK)
- ☐ Decreto Alcaldía coa posta a disposición a Deputación de Pontevedra dos terreos necesario para a execución do proxecto. (CSV: 4L3SYRMLX6DSQFYNKMQHLKWMX).

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Constan no expediente:

- ☐ Proxecto asinado data 15/07/2025 (CSV: 8O4JNC82OC2ES4N9).
- ☐ Texto Convenio aprobado polo Concello (CSV: UXEIBC6YRUFU4O19).
- ☐ Proxecto asinado data 15/07/2025 (CSV: 8O4JNC82OC2ES4N9).
- ☐ Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais de supervisión do proxecto data 18/09/2025 co (CSV: M6P6LTC6IATNEZ70).
- ☐ Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras e prioridade da actuación de data 17 de setembro de 2025 co (CSV: L8168XUEIQ7J8KQA).

Así mesmo forman parte do expediente informes de Secretaría Xeral (CSV: XDUI5AF8AN9JP09U) e de Intervención de fiscalización previa (CSV: NU3PKIWU52ZI1XKL).

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).



- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.



4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Portas mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.108.224,43 €	80
Concello de Portas	277.056,11 €	20
Total obras	1.385.280,54 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Portas:

Organismo	Achega	%
Concello de Portas	55.678,63 €	100
Total expropiacións	55.678,63 €	100

A Deputación de Pontevedra realizará a tramitación anticipada do gasto do presente convenio, condicionando a súa achega, por importe de 1.108.224,43 € ao remanente de crédito existente na aplicación 25/456.4530.612.02 que se incorporará ao orzamento provincial 2026.

A achega do Concello de Portas, será de 277.056,11 € en concepto de obras e 55.678,63 € en concepto de expropiacións, o que fai un importe total de 332.734,74 € (20 % do importe das obras e o 100% do importe das expropiacións), realizarase mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento 2026 co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie a cargo ao Plan Máis Provincia 2026, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Portas.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.



5ª Órgano competente para a aprobación.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral,

Por todo o exposto, sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do convenio, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Portas co CSV: UXEIBC6YRUFU4O19 e o seguinte contido:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE PORTAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ENSANCHE E ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA EP 8101 PORTAS-ROMAÍ, DENDE O P.Q. 0+000 AO 3+350 (CONCELLO DE PORTAS)”.

INTERVENIEN

Luis López Dieguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Ricardo Martínez Chantada, alcalde do Concello de Portas, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes reconécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.



MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 8101 Portas - Romai, que transcorre polo concello de Portas. Está categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais.

VI.- A E.P. 8101 Portas – Romai, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 3+350, é unha estrada de dobre sentido de circulación, cunha sección de plataforma irregular, sen espazos destinados para a mobilidade dos colectivos máis vulnerables, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade diaria para todos os usuarios da vía.

Debido ó mencionado anteriormente, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “Ensanche e acondicionamento da Estrada EP 8101 Portas-Romai, dende o P.Q. 0+000 ao 3+350 (Concello de Portas)” coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Portas, actuando no treito comprendido entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 3+350 da EP 8101 Portas - Romai, co fin de mellorar a seguridade e a mobilidade dos peóns grazas á construción dunha senda peonil pola marxe esquerda da estrada provincial, que outorgue aos viandantes un espazo diferenciado, seguro e exclusivo para o seu uso, xa que na actualidade a estrada conta cun ancho escaso no treito indicado, ten estreitamentos puntuais e carece de beiravías ou sobreanchos practicables.



Desta forma se creará un itinerario peonil continuo e seguro na totalidade da estrada provincial, conectando a nova senda peonil coas beirarrúas existentes na zona de Romai, permitindo desta forma desprazamentos peonís seguros dende a parroquia de Romai ata o inicio da estrada provincial, zona onde se congregan a maior parte dos equipamentos municipais do Concello, como poden ser o CPI Domingo Fontán, a Casa do Concello, o centro de saúde, a biblioteca municipal, pavillón polideportivo municipal, campo de fútbol municipal, etc.

VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Portas para a execución do proxecto de “Ensanche e acondicionamento da Estrada EP 8101 Portas-Romai, dende o P.Q. 0+000 ao 3+350 (Concello de Portas)”.

O proxecto contempla a execución dunha senda peonil na marxe esquerda da estrada EP 8101 Portas – Romai, entre os P.Q. 0+000 e 3+350, en formigón coloreado e ancho mínimo 2,50 metros.

A maiores, contéplase tamén a construción de dúas pequenas zonas de convivencia, de formigón coloreado, entre os P.Q. 2+130–2+170 e P.Q. 0+430-0+570, atopándonos en zonas estreitas con edificacións consolidadas en ambas as marxes, sen ter o ancho suficiente como para poder executar un espazo peonil segregado do tráfico motorizado.

Ademais, o proxecto contempla a execución de muros de contención de pedra en zonas de desmonte, así como a execución dunha nova rede de pluviais no ámbito de actuación, con colocación de caz e cunetas de formigón para a recollida das augas superficiais. Por último, levarase a cabo a execución da sinalización horizontal e vertical e o retranqueo dos postes dos servizos afectados.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a un millón cento corenta e catro mil oitocentos cincuenta e nove euros con noventa e cinco céntimos (1.144.859,95 €), máis douscentos corenta mil catrocentos vinte euros con cincuenta e nove céntimos (240.420,59 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de un millón trescentos oitenta e cinco mil douscentos oitenta euros con cincuenta e catro céntimos (1.385.280,54 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Portas mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.108.224,43 €	80
Concello de Portas	277.056,11 €	20
TOTAL OBRAS	1.385.280,54 €	100



As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Portas:

Organismo	Achega	%
Concello de Portas	55.678,63 €	100
TOTAL EXPROPIACIÓNS	55.678,63 €	100

A Deputación de Pontevedra realizará a tramitación anticipada do gasto do presente convenio, condicionando a súa achega, por importe de 1.108.224,43 € ao remanente de crédito existente na aplicación 25/456.4530.612.02 que se incorporará ao orzamento provincial 2026.

A achega do Concello de Portas, será de 277.056,11 € en concepto de obras e 55.678,63 € en concepto de expropiacións, o que fai un importe total de 332.734,74 € (20 % do importe das obras e o 100% do importe das expropiacións), realizárase mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento 2026 co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie a cargo ao Plan Máis Provincia 2026, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Portas.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello de Portas.

O Concello de Portas obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma doutros servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería, mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*



- 4) *Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fan referencia os apartados 3 e 4 desta cláusula.*
- 5) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Ensanche e acondicionamento da Estrada EP 8101 Portas-Romai, dende o P.Q. 0+000 ao 3+350 (Concello de Portas)”, así como a licitación, dirección, execución e posterior recepción das obras.*
- 2) *A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.*
- 3) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 4) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas.

O Concello de Portas faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirase dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2027.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.



Décima.- Resolución.

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas en:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local – Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025 e 2026.*
- E demais normativa de obrigado cumprimento.*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

4.35856.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA+ BENESTAR 2026. (EXPTF. 2025039592)

• **ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:**

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas de inclusión e benestar social a través da convocatoria de programas que melloren a calidade de vida das persoas e promovan a participación e cohesión social da poboación da provincia.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 55 anos, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo e fomentar a participación e a cooperación social promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que fomenten a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.

A Corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove este programa con un claro obxectivo social, xa que facilita o acceso ao turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e tratamento sanitario; ademais, este contribúe á sostibilidade económica da provincia.



O programa ten un gran arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra ven desenvolvendo na área de persoas maiores (anteriormente SAÚDE E BENESTAR e DEPOTERMAL), a través dos cales se recibían unha media de cerca de 4.000 solicitudes cada ano, así como o forte arraigo na provincia ao desenvolverse dende hai máis de 15 anos, o que constitúe unha proba do interese público de este tipo de actividades.

2º.- Desde o punto de vista competencial, o artigo 2 de la Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, definen os Servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei. No seu artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Ademais, no ámbito provincial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local (LRBRL), dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia (LALG), establécese que serán competencias propias de las deputacións provinciais as que baixo este concepto se lles atribúan nas leis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

3º.- O programa caracterízase por ofrecer unha estancia de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de comer) nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa (bebidas incluídas auga e viño) e con actividades de animación sociocultural.

As persoas solicitantes poderán elixir indistintamente no momento da solicitude calquera dos establecementos ofertados (anexo II), se ben a asignación de prazas estará suxeita a dispoñibilidade.

Ademais da estadía, o paquete comprende pensión completa (coas bebidas incluídas); utilización do spa, do balneario ou doutras instalacións de características similares, un mínimo de dúas horas ao día; e os traslados en autobús.

4º.- A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, responsable de executalo, coordinalo e avalialo, e que contará con persoal cualificado.

5º.- Consideraranse entidades colaboradoras todos aqueles concellos que se recollen no anexo I. Estas entidades colaboradoras realizarán a asistencia e a xestión das solicitudes das persoas interesadas dentro do seu ámbito territorial, e poderán beneficiarse de prazas subvencionadas do réxime especial.



6º.- Poderán beneficiarse del as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroadas na provincia de Pontevedra.
- 2) Ter 55 anos ou máis.
- 3) No suposto de ter menos de 55 anos, deberá darse algunha das seguintes circunstancias:
 - Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, o que se acreditará coa tarxeta ou o certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.
 - Posuír a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
 - Ter aprobada a resolución do programa individual de atención no que se recoñeza a condición de persoa coidadora doutra persoa con recoñecemento de dependencia a través do Sistema para a Atención e Autonomía á Dependencia (SAAD). Na súa falta, as persoas que non cumpran co anterior, deberán ter acreditado, polos Servizos sociais comunitarios básicos do seu concello, a necesidade dun respiro familiar.
- 4) Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.
- 5) Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.
- 6) Ser unha persoa autónoma para realizar as actividades elementais da vida diaria.

Acompañantes:

A persoa solicitante poderá ir acompañada doutra persoa coa cal desexe participar no programa, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos esixidos na data na que termine o prazo de presentación de solicitudes.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas solicitantes nas que concorra algunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O cumprimento dos requisitos previstos neste apartado acreditarase mediante declaración responsable incorporada ao modelo normalizado de solicitude, sen prexuízo das facultades de comprobación da veracidade dos mesmos.

7º.- A concesión das prazas realizarase polo réxime de concorrencia non competitiva.

O órgano instructor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social.

O procedemento de concesión, tanto para as prazas de réxime xeral (2.097) como nas de réxime específico (30), no suposto de máis solicitudes que prazas convocadas, levará a cabo por sorteo a través de medios informáticos entre aquelas solicitudes definitivamente admitidas que cumpran os requisitos establecidos.

O sorteo será de carácter público, a data, lugar e hora serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra, incorporándose ao expediente a acta correspondente con identificación das persoas asinantes, entre as que se incluírá necesariamente o Xefe/a do Servizo de Novas Tecnoloxías, a Xefa/ do Servizo de Benestar Social e o Secretario da Deputación de Pontevedra (ou persoas en quen delegue en caso de ausencia) con identificación da metodoloxía e resultado do sorteo.



Realizado o sorteo, a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno, excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá concederse mediante resolución do presidente.

8º.- Ofértanse 2.127 prazas nos seguintes termos :

- 2.097 prazas de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100€ do custo da praza (209.700,00 euros)
- 30 prazas de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400€ do custo da praza (12.000,00 euros)

Poderán beneficiarse das prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA), perceptoras de Pensión non Contributiva de Xubilación, perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV) ou acrediten estar en situación de risco e/o exclusión social a través dos Servizos sociais comunitarios básicos do seu lugar de residencia.

9º.- A contía prevista para esta convocatoria é de douscentos vinte e un mil setecentos (221.700,00) euros, con cargo á aplicación 26/231.2311.227.07 do Orzamento provincial. Consta no expediente a retención de crédito dispoñible para o programa (CSV AD769XEBSMRMRC6Z).

10º.- Con data 3/12/2025 Secretaría Xeral emite informe xurídico (CSV 1ALLOS5K0RDZPSGSZ) e con data 3/12/2025 firma a conformidade da proposta de bases (CSV RUDNI8FLERBKN3FJ).

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras do Programa “+ Benestar” para o ano 2026.

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de prazas do programa “+Benestar” 2026.

Segunda. Finalidade do programa

A finalidade do programa é fomentar o envellecemento activo e aumentar a calidade de vida das persoas, ao establecer novas relacións sociais e favorecer que participen en actividades que melloren o seu estado anímico, por medio de movementos de participación e cooperación social que promovan espazos de encontro e intercambio de experiencias co fin de evitar o illamento e as situacións de soidade que poidan levar á vulnerabilidade.

Terceira. Orzamento e financiamento

A contía prevista para esta convocatoria é de douscentos vinte e un mil setecentos (221.700,00) euros, con cargo á aplicación 26/231.2311.227.07 do Orzamento provincial, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Cuarta. Persoas beneficiarias

O programa “+Benestar” 2026 contará con 2.127 prazas. Poderán beneficiarse del as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroadas na provincia de Pontevedra*
- 2) Ter 55 anos ou máis.*



3) *No suposto de ter menos de 55 anos, deberá darse algunha das seguintes circunstancias:*

- *Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, o que se acreditará coa tarxeta ou o certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.*
 - *Posuír a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.*
 - *Ter aprobada a resolución do programa individual de atención no que se recoñeza a condición de persoa coidadora doutra persoa con recoñecemento de dependencia a través do Sistema para a Atención e Autonomía á Dependencia (SAAD). Na súa falta, as persoas que non cumpran co anterior, deberán ter acreditado, polos Servizos sociais comunitarios básicos do seu concello, a necesidade dun respiro familiar.*
- 4) *Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
- 5) *Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
- 6) *Ser unha persoa autónoma para realizar as actividades elementais da vida diaria.*

Acompañantes:

A persoa solicitante poderá ir acompañada doutra persoa coa cal desexa participar no programa, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos esixidos na data na que termine o prazo de presentación de solicitudes.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas solicitantes nas que concorra algunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O cumprimento dos requisitos previstos neste apartado acreditarase mediante declaración responsable incorporada ao modelo normalizado de solicitude, sen prexuízo das facultades de comprobación da veracidade dos mesmos.

Quinta. Descrición e desenvolvemento do programa

Nel ofrécese unha estancia de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.

As persoas solicitantes poderán elixir indistintamente, no momento da solicitude, calquera dos establecementos ofertados (anexo II), se ben a asignación de prazas estará suxeita a dispoñibilidade. Ademais da estadia, o paquete comprende pensión completa (coas bebidas incluídas); o uso do spa, do balneario ou doutras instalacións de características similares un mínimo de dúas horas ao día; e o traslado en autobús aos establecementos desde os concellos de Vigo ou Pontevedra (sempre e cando se reúna un mínimo de quince persoas para a devandita saída) e o traxecto de regreso, aínda que poderán ofertarse outros medios alternativos de transporte segundo se determine na oferta técnica da empresa adxudicataria.

Á hora de confeccionar os menús, teranse en conta as características e as necesidades das persoas participantes. Así mesmo, as que por prescrición facultativa requiran unha dieta específica e así o acrediten documentalmente terán á súa disposición un menú especial.

Con carácter xeral, asignarase un cuarto dobre, agás que por causas non imputables á persoa ou por circunstancias debidamente acreditadas documentalmente esta deba ocupar un individual. As persoas que demanden expresamente un cuarto individual deberán aboar o custo adicional correspondente, que poderá variar segundo o establecemento de destino.



A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, responsable de executalo, coordinalo e avalialo, e que conte con persoal cualificado. Esta disporá dun servizo de atención ao público por vía telefónica para resolver calquera dúbida que puidese xurdir. Ademais, deberá adoptar as medidas sanitarias en vigor e informar das normas de conducta e uso das instalacións, así como das coberturas do seguro para o programa.

Este programa executarase entre o cuarto trimestre de 2026 e o primeiro trimestre de 2027.

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberá comunicárselle ao Servizo de Benestar Social da institución provincial.

Sexta. Réxime económico

As 2.127 prazas ofertaranse nos seguintes termos:

- *2.097 de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100 euros do custo da praza (209.700,00 euros).*
- *30 de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400 euros do custo da praza (12.000,00 euros).*

Poderán beneficiarse das prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA), perceptoras de Pensión non Contributiva de Xubilación, perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV) ou acrediten estar en situación de risco e/o exclusión social a través dos Servizos sociais comunitarios básicos do seu lugar de residencia.

A percepción da pensión ou da prestación deberá manterse durante todo o procedemento e, en todo caso, con carácter previo á aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas.

No caso de que a persoa solicitante de acceso polo réxime especial non o acredite documentalmente ou a consulta automatizada non devolva datos sobre a percepción dalgunha das prestacións ou pensión indicadas, a solicitude de participación admitirase no réxime xeral, sempre que cumpra cos demais requisitos establecidos.

Se non se cubrisen as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

Os prezos dos establecementos ofertados, unha vez descontada a subvención da Deputación, detállanse no anexo II.

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes das persoas beneficiarias

Co fin de posibilitar a tramitación electrónica do procedemento e tratamento automatizado de datos categorizados, as solicitudes presentaranse obrigatoriamente empregando o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), no que se inclúe a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social así como a de non estar incurso en causas de prohibición para obtención da condición de beneficiario/a de subvención previstas nos apartados 2 e 3 de Lea 9/2007, de Subvencións de Galicia.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).



Opcionalmente, as solicitudes poderán presentarse de forma presencial en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, mediante o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en formato PDF, que deberá imprimirse e asinarse obrigatoriamente para a súa presentación presencial.

Deberán cubrirse todos os apartados da solicitude e asinarse debidamente. No caso de que a solicitude preséntese por medio de representante, deberá achegarse o poder ou a autorización debidamente asinados por ambas as partes.

Independentemente da obrigaón de que cada persoa formule a súa propia solicitude de maneira individual ou conxunta con acompañante, quen desexe coincidir nas mesmas datas e no mesmo establecemento hostaleiro con outras persoas ou grupo poderá indicar nas apartado “Observacións” da solicitude os datos da persoa ou persoas coas que desexa coincidir.

No modelo de solicitude habilitarase un campo para que as persoas solicitantes que o autoricen indiquen un número de teléfono móbil no que recibir avisos relacionados co programa mediante unha mensaxe de texto.

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Novena. Rexistro de entidades colaboradoras

Consideraranse entidades colaboradoras todos os concellos recollidos no anexo I.

As persoas interesadas poderán acudir ás entidades colaboradoras do seu ámbito territorial e solicitar asistencia para presentar as solicitudes.

Estas entidades deberán cumprir coas obrigas establecidas nas bases reguladoras, segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento o persoal do Servizo de Benestar Social consultará automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF das persoas solicitantes e acompañante, si é o caso.*
- *Certificado de residencia ou volante de empadramento na provincia de Pontevedra da persoa solicitante e acompañante, si é o caso.*

- *Certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.*
- *Condición de pensionista do sistema público de Galicia.*

No caso de persoas solicitantes de prazas de réxime especial:

- *Certificado de percepción da RISGA.*
- *Comprobación das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas para consultar o IMV e a condición de persoa pensionista do réxime non contributivo.*

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio, marcando a opción cun X, e achegar os documentos xustificativos de que reúnen os requisitos da convocatoria.



Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que os acheguen e, no seu caso, aos concellos colaboradores que remitan os documentos correspondentes, coma, por exemplo, o padrón de habitantes.

Decimo primeira. Documentación

As persoas interesadas deberán presentar xunto co formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) a seguinte documentación, segundo corresponda:

- *En caso de solicitantes que solicitan o acceso por respiro familiar, deberán presentar a resolución do programa individual de atención no que se recoñeza a condición de persoa coidadora doutra persoa con recoñecemento de dependencia a través do Sistema para a Atención e Autonomía a Dependencia (SAAD). No seu defecto, deberán presentar o informe da traballadora ou traballador social dos Servizos sociais comunitarios básicos do seu concello que acredite a necesidade dun respiro familiar.*
- *Para as e os solicitantes do réxime especial, poderán acceder as persoas titulares dunha pensión non contributiva da Seguridade Social, beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) ou perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV).*

Calquera documentación complementaria presentárase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que aporten. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotejar coa copia electrónica entregada.

Os documentos presentados de forma presencial nas oficinas de asistencia en materia de rexistro da Deputación de Pontevedra serán dixitalizados para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico e os orixinais serán devoltos ás persoas interesadas.

Décimo segunda. Relación de solicitudes admitidas

De conformidade co establecido no artigo 45 de Lea 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas, xunto coas causas de exclusión destas últimas na páxina web da Deputación de Pontevedra.

As persoas que presenten máis dunha solicitude de participación (non renunciando a ningunha delas)/ delas), admitirase aquela que se comprobe que está correctamente presentada. Noutro caso, considerarase á primeira atendendo ao rexistro de entrada quedando excluídas as demais. Así mesmo, considerarase como suposto de duplicidade, que se resolverán con aplicación das mesmas regras do apartado anterior, aquelas en as que a persoa “solicitante” coincida coa “persoa acompañante” incluída noutra solicitude. As solicitudes presentadas fóra de prazo, quedarán directamente excluídas do sorteo.

Unha vez publicada a lista provisional, concederase un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte; transcorrido leste, publicarase o anuncio da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e a lista definitiva, na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Décimo terceira. Procedemento de concesión das prazas e sorteo

A concesión destas prazas realízase polo réxime de concorrencia competitiva.

O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social.



O procedemento de concesión, tanto para as prazas de réxime xeral (2.097) como nas de réxime específico (30), no suposto de máis solicitudes que prazas convocadas, levará a cabo por sorteo a través de medios informáticos entre aquelas solicitudes definitivamente admitidas que cumpran os requisitos establecidos.

O sorteo será de carácter público, a data, lugar e hora serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra, incorporándose ao expediente a acta correspondente con identificación das persoas asinantes, entre as que se incluírá necesariamente o Xefe/a do Servizo de Novas Tecnoloxías, a Xefa/ do Servizo de Benestar Social e o Secretario da Deputación de Pontevedra (ou persoas en quen delegue en caso de ausencia) con identificación da metodoloxía e resultado do sorteo.

Realizado o sorteo, a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno, excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá concederse mediante resolución do presidente.

A listaxe de adxudicación e da lista de espera será único.

A relación de prazas adxudicadas, así como a lista de espera serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra.

As prazas non cubertas polo réxime especial pasarán a incrementar as previstas para o réxime xeral.

Non está permitido ceder a praza adxudicada a terceiras persoas.

Décimo cuarta. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica conta cunha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos.

Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

Décimo quinta. Procedemento de xestión das prazas adxudicadas.

Unha vez adxudicada a praza, o persoal de xestión da empresa adxudicataria poñerase en contacto coas persoas solicitantes co fin de fixar unha data para realizar a estancia, preferentemente nalgunha das indicadas na solicitude.



O persoal da empresa adxudicataria realizará tres chamadas ao/s teléfonos de contacto sinalados. Non caso de non poder contactar, enviarase un correo electrónico a dirección de e-mail sinalada, ou unha mensaxe ao teléfono móbil indicado, a través de calquera aplicación de mensaxeira, a fin de que a persoa solicitante contacte coa empresa nun prazo máximo de 3 días naturais desde envío. Transcorrido o prazo anterior, de non ter resposta, entenderase que a persoa solicitante desiste da súa solicitude.

As persoas que desexen renunciar a súa praza deberán facelo por algún medio que permita a súa constancia:

- Preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

- De forma escrita en resposta á empresa adxudicataria cando se poña en contacto con motivo de organizar a estancia. Admitiranse as renuncias a través de correo electrónico, a través da aplicación de comunicación de mensaxeira instantánea que a empresa utilice ou calquera outro medio que permita a súa constancia sempre que indique de forma expresa que se trata dunha renuncia e identifique as persoas da unidade familiar ás que afecta.

A empresa adxudicataria deberá achegar cada mes á Deputación de Pontevedra a través de medios electrónicos a relación das persoas que renunciaron á praza e aquelas con as que non foi posible contactar acompañada da documentación que xustifique que se realizou o procedemento indicado nesta base.

Unha vez comprobado a desistencia ou a renuncia á praza, as prazas vacantes serán adxudicadas as persoas integrantes da lista de espera.

Décimo sexta. Obrigacións das persoas solicitantes

Unha vez acordada a data da estancia, a empresa adxudicataria poderá solicitar o abono dunha parte do custo da praza, en concepto de reserva, que non superará o 25 % do prezo total. A contía restante deberase pagar no día e na forma que sinala a empresa en función do procedemento establecido.

Esta cantidade só poderá reintegrarse no suposto no que exista un motivo debidamente xustificado con carácter previo ao comezo do goce da estancia que lle impida á persoa participante asistir.

Serán motivos xustificadas os seguintes:

- Cancelación da actividade ou imposibilidade de prestación nas datas acordadas por causas non imputables á persoa interesada.

- Ingreso hospitalario, accidente ou enfermidade grave da persoa beneficiaria ou de familiares de ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Esta circunstancia deberá acreditarse mediante informe médico e/ o hospitalario, segundo proceda.

- Falecemento dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Esta circunstancia deberá xustificarse mediante informe médico, hospitalario ou certificado de defunción, segundo proceda.

Así mesmo, a empresa informará previamente a cada persoa da cantidade que deberá abonar segundo o prezo de adxudicación unha vez descontada a subvención da Deputación de Pontevedra. A forma de pago acordarase coa empresa; preferiblemente mediante transferencia bancaria e no prazo fixado por esta, aínda que se permitirá calquera medio de pago admitido en dereito, sempre que quede constancia do pago efectivo e dos datos básicos da persoa e do programa.



As persoas con praza adxudicada que renunciem á mesma, deberán facelo constar por escrito para poder adxudicar a praza á persoa que corresponda da lista de espera.

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberá comunicarse ao Servizo de Benestar Social da institución provincial.

Décimo sétima. Supostos de perda da condición de beneficiario/a e reintegro

O incumprimento de deberes ou a achega de datos ou documentos falsos ou inexactos coa finalidade de obtención dunha praza no programa supoñerá:

- *A cancelación da estancia concedida, no caso de que dita circunstancia fose advertida con carácter previo ao goce da estancia.*
- *O deber de abonar a totalidade do custo da estancia no caso de que se detectase dita circunstancia con carácter posterior ao seu goce.*

Todo isto, sen prexuízo do réxime sancionador que, no seu caso, resulte aplicable.

Décimo oitava. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento das persoas físicas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

Decimo novena. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Vixésima. Prazo de vixencia

Las bases que regulan este programa terán vixencia ata o 31 de marzo de 2027.

As Bases figuran asinadas dixitalmente (CSV): DK1IDN3N68RIE66Z e o Anexo I (Entidades colaboradoras) co (CSV): G3CW7BVD7170I87K.



5.35857.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE WORKSHOPS CON ACTORES DO ÁMBITO TURÍSTICO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO RÍAS BAIXAS. (EXPTE. 2025051593)

O obxectivo principal do servizo de Turismo é a promoción do destino turístico da nosa provincia. A Deputación de Pontevedra conta cun Plan Estratéxico de Turismo “Estratexia Turismo Ría Baixas 61” con diferentes e moi claros obxectivos para cubrir os retos que se marca o noso destino, como un multidesestino, internacional e desestacionalizado.

O Plan Estratéxico de Turismo Rías Baixas é unha ferramenta esencial que actúa como folla de ruta para a mellora da competitividade e posicionamento do destino Rías Baixas. O Plan busca continuar impulsando o turismo, que xa supón o 12 % do PIB de Galicia, con cimentos como o turismo de calidade, sustentable e innovador e principalmente dirixido a un destino intelixente.

A estratexia de promoción e internacionalización omnicanle de Rías Baixas céntrase en maximizar a visibilidade e o atractivo do destino en diversos mercados nacionais e internacionais, e nesta actuación priorizarase a organización de eventos e workshops que fomenten a conexión directa con mercados de proximidade, para potenciar o recoñecemento da marca en contornos próximos. Ademais, colaborárase con prescitoras/es e líderes de opinión, como xornalistas, blogueiras/os e influencers, que permitan difundir experiencias turísticas e ampliar o seu alcance a través de plataformas dixitais e redes sociais.

Así pois, como medidas operativas do PET atopamos a organización de workshops Rías Baixas orientados a mercados de proximidade, que permitirán presentar a oferta turística do destino a axentes de viaxe, operadores turísticos e outros profesionais do sector, e facilitarán a creación de novas alianzas e a promoción directa do destino.

O servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra é o responsable, entre outras cousas da comunicación e promoción do destino e da súa posta en valor. E por isto que o servizo de Turismo, de acordo co Plan Estratéxico de Turismo, propón a realización de workshops do destino Rías Baixas en diferentes cidades da xeografía española nun radio aproximado de 400 kms de distancia da cidade de Pontevedra, exceptuando Galicia, nos vindeiros anos. Estes workshops teñen como obxectivo a promoción do destino e a articulación comercial entre os actores do ámbito turístico: AAVV Maioristas e Minoristas, Asociacións AAVV, Centrais de Reservas, OPC, DMC, Sector MICE, Bloggers, Influencers, medios de comunicación especializados, Instagramers, entre outros.

O servizo de Turismo non conta cos medios materiais e humanos necesarios para realizar as prestacións obxecto do contrato como son os workshops do destino Rías Baixas, xa que se tratan de traballos que con levan un grao de cualificación e dedicación imposibles de garantir ao non contar cos medios necesarios e onde interveñen diversos profesionais, que en ocasións, dedícanse en exclusiva a estes servizos, esixindo un grao de especialización singular. Por tanto, o beneficio de acudir a unha contratación externa responde ao



carácter de especialización dos propios traballos e por razóns de eficiencia na asignación e utilización dos fondos públicos ao non ter necesidade de dispoñer tanto dos medios técnicos como humanos con carácter permanente. Polo que, resulta necesaria a externalización da prestación do servizo.

As actividades da Deputación de Pontevedra, e esta en concreto, levada a cabo polo Servizo de Turismo, baséanse na cooperación e no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local, en tanto que contará coa participación dos axentes turísticos (públicos e privados) e a poboación local da provincia de Pontevedra, así como no 109 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

En base ao exposto, a xefa do servizo de Turismo Rias Baixas co visto e praxe da Deputada, Delegada propón a contratación dun servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rias Baixas. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 30/09/2025, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizo, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 03/10/2025, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 30/10/2025.

Visto que con data 31/10/2025, o Servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe da Intervención, de data 24/11/2025 polo que se informa favorablemente o expediente. Asimesmo infórmase que no vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2026 mediante o documento RCFUT (2026) nº 12025000222225 por importe de 169.929,77 €, quedando condicionado o gasto á aprobación definitiva do seu orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria que será no seu caso, a 2026/433.4320.227.75.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a



necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do contrato para a prestación do servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rias Baixas. O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 169.929,77 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: Z7G51XJYXA0Z2NOJ) e de prescricións técnicas (CSV: WLNT4PCR18MFWDIQ) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 169.929,77 euros, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/433.4320.227.75	169.929,77 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato quedarán condicionados á aprobación do respectivo orzamento provincial e a existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

4.- Nomear responsable do contrato a xefa do servizo de Turismo Rias Baixas da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais contados desde o envío do anuncio de licitación a oficina de publicacións da Unión Europea para a súa publicación no DOUE.



6.35858.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO
SIMPLIFICADO, DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS
FARMACÉUTICOS E MATERIAL TÉCNICO PARA O SECUENCIADOR ABI
3500 GENETIC ANALYZER DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DE
AREEIRO. (EXPTE. 2025064206)

Na actualidade na Estación Fitopatolóxica Areeiro, na sección de Bioloxía Molecular realizáanse diferentes análises, procesado de mostrás, ensaios, e estudos de investigación, co equipo ABI3500 Genetic Analyzer (Applied Biosystems™) para os que son necesarios a utilización de diversos produtos farmacéuticos e material técnico do propio fabricante.

Para que a Deputación de Pontevedra poida realizar as devanditas análises, traballos de investigación/experimentación e desenvolver as correspondentes tarefas de asesoramento propias do Servizo Estación Fitopatolóxica de Areeiro ao abeiro da competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios prevista no artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e do artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, é precisa a subministración dos produtos farmacéuticos e material técnico que demanda o uso do equipo nomeado.

Por todo o exposto a Xefa do Servizo de Estación Fitopatolóxica de Areeiro co visto e prace do Deputado Delegado dictou providencia de inicio pola que propón iniciar a contratación da subministración de produtos farmacéuticos e material técnico para o secuenciador ABI3500 Genetic Analyzer da Estación Fitopatolóxica de Areeiro.

Tendo en conta que, con data, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministracións, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP. Consta no expediente memoria definitiva con (csv NO8EQ861YNPB3F7C).

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 17/11/2025 e o informe favorable da Intervención, de data 02/12/2025 e visto asimesmo que pola intervención se informa que “O obxecto do contrato será financiado con cargo ás aplicacións que serán, no seu caso, a 26/413.4123.221.06 (34.915,40 €), 26/413.4123.221.15 (7.625,60 €), 27/413.4123.221.06 (34.915,40 €), 27/413.4123.221.15 (7.625,60 €), e 28/413.4123.221.06 (34.915,40 €), 28/413.4123.221.15 (7.625,60 €), dos orzamentos de 2026, 2027 e 2028. Non obstante, dado que se trata dunha tramitación anticipada, o gasto quedará condicionado á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos, o cal se sinala expresamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares”.



Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificáanse como contratos de subministracións os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens móbiles.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da subministración de produtos farmacéuticos e material técnico para o secuenciador ABI3500 Genetic Analyzer da Estación Fitopatolóxica de Areeiro.

2.-Autorizar o gasto por importe total de 127.623,00 € con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2026	26/413.4123.221.06	34.915,40 €
	26/413.4123.221.15	7.625,60 €
2027	27/413.4123.221.06	34.915,40 €
	27/413.4123.221.15	7.625,60 €
2028	28/413.4123.221.06	34.915,40 €
	28/413.4123.221.15	7.625,60 €
TOTAL		127.623,00 €



Ao tratarse dunha contratación anticipada quedará condicionada a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

A distribución da financiación poderá sufrir variacións en función da data de formalización do contrato.

3-Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: NPJ8OH3O90JLA3LF) e de prescricións técnicas (CSV: YR5VXN5EMSV6ZFO9) que rexerán a contratación.

4- Nomear como responsable do contrato a xefa da Estación Fitopatolóxica de Areeiro.

5- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

7.35859.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, TRAMITADO PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PUBLICITARIOS CON RADIO PONTEVEDRA, S.A. PARA A ANUALIDADE 2026. (EXPTE. 2025067486)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 7 de novembro de 2025, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A. para a anualidade 2026, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Radio Pontevedra, S.A. (CIF A36005346).

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 11 de novembro de 2025, á empresa Radio Pontevedra, S.A. (CIF A36005346), no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

A citada empresa presentou oferta con data 24 de novembro de 2025 e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

Resultando uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
RADIO PONTEVEDRA, S.A. (CIF A36005346)	111.570,25 €	0,000 puntos



A empresa proposta para a adxudicación presentou, xunto coa súa oferta económica, a documentación que acredita debidamente os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 5.578,51 € (carta de pago núm. 12025000229109 de data 27/11/2025).

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Adxudicar o contrato “*Servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A. para a anualidade 2026*”, á empresa Radio Pontevedra, S.A. (CIF A36005346), polos prezos e valores ofertados, e de conformidade coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas (CSV: SUC5P5UNSWXJZWT).

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poida superar o seguinte importe:

Importe máximo con IVE	135.000 €
------------------------	-----------

O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Os pagamentos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas por insercións publicitarias realizadas que deberán ser aprobadas pola persoa responsable do contrato, unha vez acreditada a conformidade dos servizos prestados.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025067486	
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

8.35860.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DO “SERVIZO DE XESTIÓN DO CENTRO DE ACOLLIDA AO VISITANTE NO CASTELO DE SOUTOMAIOR.” (EXPTE. 2023060062)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o día 12 de xaneiro de 2024, acordou adxudicar o contrato denominado “Servizo de xestión do centro de acollida ao visitante no Castelo de Soutomaior” á empresa Espiral Xestión Cultural SL (NIF: B94054954), polos prezos e condicións recollidos no citado acordo.

O contrato foi formalizado mediante documento administrativo de data 21 de febreiro de 2024, establecéndose un prazo inicial de duración dun ano, con efectos desde o 22 de febreiro de 2024, e prevéndose a posibilidade de ata tres prórrogas anuais.

Na sesión ordinaria do día 7 de febreiro de 2025, a Xunta de Goberno acordou aprobar a primeira prórroga do contrato, polo período comprendido entre o 22 de febreiro de 2025 e o 21 de febreiro de 2026, permanecendo inalterables todos os termos e condicións contractuais vixentes.

Con data 03 de decembro de 2025 a Directora do Servizo de Turismo emite informe (CSV: M36DDYGRE61D5E2) no que sinala que, debido ao peche ao público do Castelo de Soutomaior por mor da execución da obra de iluminación monumental e mellora eléctrica (actuación financiada con fondos europeos e aprobada pola Xunta de Goberno), e inviable a prestación dos servizos obxecto do contrato de “Servizo de xestión do centro de acollida ao visitante no Castelo de Soutomaior” desde o mes de decembro de 2025 e durante todo o período de execución das obras, ata que desaparezan as causas que motivan a suspensión.



Visto o informe do xefe de servizo de Contratación e Patrimonio de data 05 de decembro de 2025, que a modo de conclusión sinala que:

“Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola Directora do Servizo de Turismo, dedúcese que non se pode seguir coa execución do contrato en tanto non se termine coa obra de iluminación monumental e mellora eléctrica que se está levando a cabo no Castelo de Soutomaior.

En base a isto, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se subsanen as circunstancias descritas anteriormente, debendo ser formalizada na correspondente acta dita suspensión.

Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio da execución do contrato”.

Considerando que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*.

Considerando que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista e deberá levantarse no prazo máximo de dous días hábiles, contados desde o día seguinte a aquel no que se acorde a suspensión”*.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a suspensión da execución do contrato do Servizo de xestión do centro de acollida ao visitante no Castelo de Soutomaior desde o mes de decembro de 2025 e durante todo o período de execución das obras, ata que desaparezan as causas que motivaron.

A suspensión deberá formalizarse mediante a correspondente acta, que se levantará no prazo máximo de dous días hábiles desde a adopción deste acordo, e na que se recollerán as circunstancias que a xustifican. Así mesmo, unha vez resoltas as incidencias, deberá formalizarse a acta de reinicio da execución do contrato.



9.35861.- ADHESIÓN DESTA DEPUTACIÓN AO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN SDA 25/2022 “SUBMINISTRACIÓN DE SOFTWARE DE SISTEMA, DESENVOLVEMENTO E APLICACIÓN” DO SISTEMA DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA ESTATAL DA DIRECCIÓN XERAL DE RACIONALIZACIÓN E CENTRALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN DO MINISTERIO DE FACENDA. (EXPTE. 2025070482)

A intención de solicitar a adhesión a este sistema dinámico de adquisición xustifícase polo interese da Deputación de Pontevedra en contratar o software Liferay DXP, co obxectivo de mellorar as ferramentas destinadas á creación e xestión de portais web.

Posta de manifesto esta necesidade desde o Servizo de Novas Tecnoloxías, considérase o feito de que no pleno ordinario celebrado o 27 de febreiro de 2015, aprobouse a adhesión da Deputación de Pontevedra ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeneral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, actualmente Ministerio de Facenda. Esta adhesión permite á Deputación contratar servizos e subministracións de acordo coas condicións e prezos establecidos nos contratos e acordos marco asinados entre a citada Central de Contratación e as empresas adxudicatarias.

Entre os sistemas dinámicos subscritos pola mencionada Central figura o SDA 25/2022, relativo á Subministración de software de sistema, desenvolvemento e aplicación, estruturado en seis lotes independentes segundo o tipo de bens obxecto de adquisición.

Tendo en conta que este sistema dinámico de adquisición entrou en vigor o 30 de setembro de 2022, cunha vixencia inicial de dous anos e actualmente prorrogado ata o 29 de setembro de 2026, e dado que á Deputación de Pontevedra lle resulta de interese o Lote 5 “software de aplicación para a administración dixital”, considérase axeitada a súa adhesión.

Neste momento, a utilización deste sistema tería como finalidade principal a contratación do software Liferay DXP, orientado á mellora das ferramentas corporativas de creación e xestión de portais web. Non obstante, no caso de ser necesario, poderíase recorrer a este mesmo sistema para outras subministracións que se precisen e que estean incluídas nalgún dos seis lotes do mencionado Sistema Dinámico.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación e Patrimonio de data 11 de novembro de 2025, no que sinala “*A vista de que, segundo indica o servizo de Novas Tecnoloxías, esta subministración resulta necesaria para a mellora das ferramentas de creación e xestión de portais web, resulta aconsellable a adhesión da institución provincial a este tipo de sistemas dinámicos das centrais públicas, por razóns de eficiencia e eficacia, ademais de ser unha oportunidade para abaratar custos utilizando a economía de escala e evitar a multiplicidade de esforzos na xestión dos expedientes.*”

Por iso, propónselle ao órgano de contratación a adhesión da Deputación ao SDA 25/2022 de “subministración de software de sistema, desenvolvemento e aplicación”. Enténdese que o órgano competente para acordar esta adhesión é a Xunta de Goberno xa que non se prevé superar os límites indicados na Disposición Adicional Segunda apartado 1 da Lei 9/2017, de 8 de



novembro, de Contratos do Sector Público. Deste xeito, non se prevé superar os importes de 6.000.000,00€ nin o do 10% do orzamento dos recursos ordinarios da Deputación de Pontevedra, e ademais tampouco se prevé realizar contratos que superen os 4 anos de duración.

En canto á adxudicación dos contratos específicos do Sistema Dinámico de Adquisición da Central de Contratación, o órgano competente determinaríase de conformidade co establecido na DA2ª LCSP e as Bases de Execución do Orzamento.

Visto o informe favorable de Secretaría de data 25 de novembro de 2025.

Vista o informe favorable da Intervención de data 01 de decembro de 2025.

Considerando o sinalado na Disposición transitoria única da Orde HAP/2834/2015, de 28 de decembro, “*Aqueles entes e entidades que contén cun acordo de adhesión vixente no momento de entrada en vigor desta Orde, entenderanse adheridos á Central de Contratación do Estado e a cada un dos acordos-marcos específicos aos que se adherida, salvo renuncia expresa*”.

Considerando o disposto no artigo 229.3 da LCSP establece que: “*O resto de entidades do sector público poderán concluír un acordo de adhesión coa Dirección Xeral de Racionalización e centralización da contratación do Ministerio de Facenda para contratarsubministracións declaradas de contratación centralizada..*”.

Considerando o disposto no apartado 7 do mesmo artigo: “*A contratación de ...subministracións centralizadas poderá efectuarse a través dos seguintes procedementos: .. c) A través de sistemas dinámicos de adquisición*”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a Adhesión da Deputación de Pontevedra ao SDA 25/2022 de “*subministración de software de sistema, desenvolvemento e aplicación*” dentro do Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda.

10.35862.- APROBACIÓN DE REAXUSTE NO FINANCIAMENTO DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE REPRODUCCIÓN FOTOGRÁFICA E VÍDEO PARA O MUSEO DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2024069703)

Por Acordo da Xunta de Goberno nº7.35541, adoptado na súa sesión ordinaria do día 04/04/2025, adxudicouse o contrato de “*Servizo de reprodución fotográfica e vídeo para o Museo de Pontevedra*”, dacordo coa seguinte distribución por Lotes, e polos seguintes prezos e valores ofertados:



LOTE 1 (Fotografía) – Romina Laura Doce Blanco (77420503l)

Importe sen IVE	11.661,00 €
IVE (21%)	2.448,81 €
Importe total ofertado	14.109,81 €

LOTE 2 (Grabación e edición de vídeos) - ÁRTABRA COMUNICACIÓN, S.L. (B70408869)

Importe sen IVE	12.740,00 €
IVE (21%)	2.675,40 €
Importe total ofertado	15.415,40 €

O prazo de duración do contrato é de un ano a contar desde a data da súa formalización, prevéndose a posibilidade de 3 prórrogas anuais.

O financiamento previsto para o contrato foi o seguinte, quedando condicionados os gastos que se deriven do mesmo na anualidade 2026, á aprobación do correspondente orzamento así como á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria:

Anualidade	LOTE	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025 (01/08 - 31/12)	Lote 1	333.3330.227.06	5.879,09 €
	Lote 2		6.423,08 €
2026 (01/01 – 31/07)	Lote 1		8.230,72 €
	Lote 2		8.992,32 €

Considerando que a formalización dos contratos realizouse en data 15/09/2025, compre a redistribución da financiación para a súa correcta execución e contabilización.

Con data 20/10/2025, a xefa de xestión do Museo de Pontevedra emite informe no que propónse novo cadro de financiamento (CSV: KCV82DLJR0K0CIUV)

Con data 02/12/2025, Intervención emite os documentos contables axeitados de conformidade coa refinanciación proposta.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo Presidente para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo,



polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a redistribución dos importes de financiamento do contrato de “*Servizo de reprodución fotográfica e vídeo para o Museo de Pontevedra*” sendo esta a seguinte:

Anualidade	LOTE	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025 (15/09 – 31/12)	Lote 1	333.3330.227.06	4.115,36€
	Lote 2		4.496,16€
2026 (01/01 – 14/09)	Lote 1		9.994,45€
	Lote 2		10.919,24€

Os importes correspondentes ao ano 2026 quedarán condicionados á aprobación do respectivo orzamento e á existencia de crédito axeitado e suficiente no mesmo.

11.35863.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9703 VILANOVA DE AROUSA-PONTE ARNELAS, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 2+530, E NA E.P. 9701 BAIÓN-ANDRÁS, DO P.Q. 8+800 AO P.Q. 9+218 (CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA)”(EXPTE. 2025069652)

Resultando.-Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que as estradas E.P. 9703 Vilanova De Arousa-Ponte Arnelas e a E.P. 9701 Baión-András que percorren o termo municipal de Vilanova de Arousa pertencen á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 5.493 e 9.218 metros respectivamente.



Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que nas devanditas estradas, comprendido entre os P.Q. 0+000 e P.Q. 2+530 da E.P.9703 Vilanova De Arousa – Ponte Arnelas, e os P.Q. 8+800 e P.Q. 9+218 da E.P. 9701 Baión – Andrés, sendo a actuación dun total de 2.948,00 metros de lonxitude, resulta necesario proceder á reposición do firme existente mediante fresado e posterior extensión dunha capa de mestura bituminosa en quente, mellorar a drenaxe superficial do treito mediante a execución de cunetas transitables de formigón, en diferentes treitos ao longo da totalidade do ámbito de actuación, con entubación das cunetas mediante execución dunha nova rede de pluviais para evacuar as choivas os días de fortes precipitacións, así como mellorar a sinalización horizontal e vertical da vía, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por D. Jaime Ruibal de Sola, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-Andrés, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)”, cun orzamento base de licitación de 1.286.642,71 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: MYL4HPD1L1OV90PA.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-Andrés, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)”

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12025000204856 por importe de 1.286.642,71 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: IHU3XGSS8UK8TKEO.

Considerando.- Que a esixencia de informe de supervisión non é preceptiva dado que non se superan os límites establecidos no art. 235 da LCSP e as actuacións non afectan á estabilidade, seguridade ou estancidade da obra.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.



Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimítanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a drenaxe e pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)", redactado por D. Jaime Ruibal de Sola, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, cun orzamento base de licitación de 1.286.642,71 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: MYL4HPD1L1OV90PA

12.35864.- APROBACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA CULTUREA 2026. (EXPTE 2025078816)

Antecedentes:

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra conta, desde os anos 80, cunha liña de apoio á promoción cultural provincial de agrupacións ou asociacións sen fins de lucro legalmente constituídas e inscritas no rexistro administrativo correspondente, así como as entidades locais menores da provincia de Pontevedra, para a realización de actividades nas distintas manifestacións artísticas, coma as artes escénicas, a música, as artes visuais ou a difusión do patrimonio cultural.



Segundo.- No marco desta iniciativa a Deputación autorizou no 2025 máis de 3.500 actuacións fomentando o acceso deslocalizado á actuacións no ámbito das artes escénicas, a música, as artes visuais ou a difusión do patrimonio cultural, o que repercute na economía local así como asociar a imaxe da Deputación a este tipo de actividades en escenarios situados na nosa provincia.

Terceiro.- O Catálogo de grupos “Culturea” configúrase como o inventario de grupos, artistas e compañías nas súas múltiples e variadas expresións artísticas e servirá como base para que as entidades beneficiarias do Programa, como organizadoras de actos culturais, poidan programar as súas actividades a través da actuación de grupos incluídos no devandito catálogo.

Cuarto.- Vistos os informes favorables xurídico e de Intervención de data 9 de decembro de 2025 con CSV: YQNPXSTH21MLRVC8.

Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- No ámbito competencial, o apartado primeiro do artigo 44 da Constitución dispón que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Este mandato constitucional vincula a todos os poderes constituídos dentro do marco das súas respectivas competencias.

Nesta liña, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 69 determina que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Adicionalmente, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) determina a competencia provincial na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, o artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determina como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Ademais, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 25 establece que o Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para o ano 2026 do programa “Culturea” de apoio á promoción cultural de agrupacións ou asociacións da provincia de Pontevedra, que figuran no expediente co CSV: O2QRP7YC2LIL0IEB e que son do seguinte teor:

BASES REGULADORAS PARA O ANO 2026 DO PROGRAMA “CULTUREA” DE APOIO Á PROMOCIÓN CULTURAL DE AGRUPACIÓNS OU ASOCIACIÓNS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cultura, ten entre os seus fins promover o impulso e fomento da cultura popular galega nas súas múltiples e variadas expresións artísticas.

Nesta liña, como fórmula idónea para conseguir o devandito fin, a Deputación de Pontevedra conta, desde os anos 80, cunha liña de apoio á promoción cultural provincial de agrupacións ou asociacións sen fins de lucro legalmente constituídas e inscritas no rexistro administrativo correspondente, así como as entidades locais menores da provincia de Pontevedra, para a realización de actividades nas distintas manifestacións artísticas, coma as artes escénicas, a música, as artes visuais ou a difusión do patrimonio cultural.

A realización de actividades de distintas manifestacións artísticas en Galicia ten unha especial relevancia na nosa provincia a través da celebración de festas patronais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, dando pulo a artistas, xa sexan solistas, grupos ou bandas, que atopan nestes espazos os primeiros lugares onde amosar o seu traballo e o seu talento.

Co fin de dotar ás agrupacións ou asociacións sen fins de lucro, así como ás entidades locais menores da provincia de Pontevedra dunha ampla oferta de grupos, creouse con resolución presidencial do 20 de novembro de 2019, o Catálogo Culturea de grupos, artistas e compañías <https://www.depo.gal/es/culturea>.

No marco desta iniciativa, a Deputación autorizou no ano 2025 máis de 3.500 actuacións fomentando o acceso deslocalizado a actuacións no ámbito das artes escénicas, a música, as artes visuais ou a difusión do patrimonio cultural, o que repercute na economía local, así como asociar a imaxe da Deputación a este tipo de actividades en escenarios situados na nosa provincia.

Desde o punto de vista competencial, o apartado primeiro do artigo 44 da Constitución Española dispón que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Este mandato constitucional vincula a todos os poderes constituídos dentro do marco das súas respectivas competencias.



Nesta liña, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 69 determina que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Adicionalmente, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) determina a competencia provincial na cooperación, no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, o artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determina como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

En base ao anterior, a Deputación de Pontevedra promove o Programa “Culturea” de apoio á promoción cultural de agrupacións ou asociacións da provincia de Pontevedra, dirixido a agrupacións e asociacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra e as entidades locais menores, a través do cal se concederán actuacións de grupos do Catálogo de grupos “Culturea”, nas múltiples e variadas expresións artísticas da provincia de Pontevedra, na programación das súas actividades culturais realizadas na provincia de Pontevedra durante o ano 2026, de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular os criterios de concesión das solicitudes de actuación de grupos con cargo ao programa “Culturea”, de apoio á promoción cultural de agrupacións ou asociacións da provincia de Pontevedra, que se desenvolverán na provincia de Pontevedra durante o ano 2026.

Segunda. Dotación e imputación orzamentaria

A concesión das actuacións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convócanse con cargo á aplicación 26/330.3340.226.29 cun importe total de un millón douscentos mil (1.200.000,00) euros.

Esta cantidade poderase incrementar nas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo e no art. 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O importe desta ampliación dependerá do volume de solicitudes presentadas, co límite máximo de cen mil euros adicionais e quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito a consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A Deputación de Pontevedra publicará a ampliación nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura dun novo prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

Terceira. Réxime xurídico

O procedemento establecido para a concesión das actuacións é de concorrencia non competitiva, por esgotamento do crédito, entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases, respectando os criterios de equilibrio territorial e de diversificación de categorías previstos na base décimo sexta.



As solicitudes resolveranse atendendo á súa prelación temporal ata o esgotamento do crédito. A proposta de concesión será formulada polo órgano instructor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos para conceder a actuación.

Cuarta. Entidades destinatarias

Poderán ser persoas beneficiarias das actuacións, con cargo a esta convocatoria, as agrupacións ou asociacións sen fins de lucro legalmente constituídas e inscritas no rexistro administrativo correspondente ou as entidades locais menores, da provincia de Pontevedra.

Todos os requisitos deberán acreditarse na data de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de execución do programa subvencionado.

Quedan expresamente excluídas do ámbito do programa:

- *As solicitudes efectuadas por persoas físicas, empresas, comunidades de montes, colexios profesionais, entidades deportivas, centros educativos e as ANPA.*
- *As administracións públicas, os seus organismos autónomos, empresas públicas e outros entes públicos, distintas das entidades locais menores.*

Non poderán obter a condición de beneficiarias:

- *As entidades nas que conorra algunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como aquelas que de forma manifesta incumpriren algunha das condicións da cláusula oitava.*
- *Aquelas entidades que formen parte, directa ou indirectamente, do grupo sobre o que se solicita a actuación.*

Quinta. Catálogo de grupos “Culturea”

O Catálogo de grupos “Culturea” configúrase como o inventario de grupos, artistas e compañías nas súas múltiples e variadas expresións artísticas e servirá como base para que as entidades beneficiarias do Programa, como organizadoras de actos culturais, poidan programar as súas actividades a través da actuación de grupos incluídos no devandito catálogo.

O Catálogo de grupos, integra grupos de música, teatro, danza e outras modalidades artísticas da provincia, creouse con resolución presidencial do 20 de novembro de 2019 (BOPPO núm. 226 de 25 de novembro de 2019), actualizouse na Xunta de Goberno de 13 de decembro de 2024 (BOPPO núm. 244 de 17 de decembro de 2024) e está dispoñible no portal www.depo.gal/culturea, xunto coa información detallada sobre cada un deles.

Sexta. Actuacións subvencionables

A través deste programa as entidades beneficiarias poderán solicitar a autorización de actuacións de grupos do Catálogo de grupos Culturea previsto na base quinta, nas súas actividades culturais realizadas na provincia de Pontevedra durante o ano 2026 que deberán ir dirixidas ao público en xeral e ser de entrada libre.

As entidades interesadas, como organizadoras dos actos, deberán declarar responsablemente na súa solicitude que contan coa dispoñibilidade do grupo solicitado para a realización da actuación na data solicitada, así como que coñecen as condicións e obrigas do programa.

Sétima. Alcance do Programa

A Deputación de Pontevedra con cargo a este programa:

- *Retribuirá aos grupos cada actuación autorizada de acordo cos seguintes importes máximos, debendo o resto do importe do caché, de ser o caso, aboalo a entidade solicitante da actuación:*



Tipo de grupo	Importe	Tipo de grupo	Importe
Animación infantil	210,00 €	Grupos músico-vocais	210,00 €
Audiovisuais	240,00 €	Grupos pop-rock	300,00 €
Baile moderno	210,00 €	Humoristas	210,00 €
Ballet	240,00 €	Majorettes	210,00 €
Bandas de gaitas	270,00 €	Masas corais (grupo A)	270,00 €
Bandas de jazz	300,00 €	Masas corais (grupo B)	240,00 €
Bandas de música (grupo A)	800,00 €	Maxia	300,00 €
Bandas de música (grupo B)	600,00 €	Música clásica (grupo A)	240,00 €
Bandas de música (grupo C)	500,00 €	Música clásica (grupo B)	210,00 €
Cantautoras/es	210,00 €	Orquestras clásicas	350,00 €
Charangas	240,00 €	Outros folclores	210,00 €
Grupos de gaitas	200,00 €	Pandeireteiras	240,00 €
Grupos de playback	210,00 €	Poetas	210,00 €
Grupos folclóricos (grupo A)	270,00 €	Rondallas A	600,00 €
Grupos folclóricos (grupo B)	240,00 €	Rondallas B	450,00 €
Grupos folclóricos (grupo C)	200,00 €	Rondallas C	300,00 €
Grupos folk	300,00 €	Teatro (grupo A)	700,00 €
		Teatro (grupo B)	375,00 €

- No cómputo xeral de actuacións autorizadas a cada un dos grupos non se superará o número de 14 actuacións anuais nin o límite máximo establecido no artigo 118 da Lei de contratos do sector público (LCSP).
- Porá a disposición das entidades interesadas que así o soliciten un máximo de 50 unidades de carteleira en formato A3, que deberán ser recollidas nalgunha das oficinas habilitadas ao efecto e que se indiquen na solicitude. A estes efectos, as entidades interesadas neste servizo deberán achegar, xunto coa solicitude de actuación, o deseño propio da maqueta do cartel en formatos abertos (InDesign ou similares) ou PDF, que deberá seguir as directrices de publicidade corporativa para a elaboración de carteis dispoñibles na sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Oitava. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades ás que se lles autoricen actuacións con cargo a este programa están obrigadas a:

- Levar a cabo a actividade obxecto da solicitude de actuación e notificar os cambios que se puidesen producir ou comunicar a non realización da actividade.
- Facilitar un escenario ou marco adecuado para que poidan efectuar as actuacións sen impedimentos.
- Presentar o cartel publicitario definitivo do evento, en lingua galega e en formato PDF, elaborado conforme ás directrices de publicidade corporativa da Deputación de Pontevedra, segundo o previsto na base décimo segunda.
- No caso de que o cartel inicialmente presentado non sexa o definitivo, achegar o cartel definitivo sen requirimento previo por parte da Administración e cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto da data de realización da actuación. A non presentación do cartel definitivo no prazo indicado constituirá causa de exclusión.
- Responsabilizarse da veracidade, autenticidade e exactitude de todos os documentos e información entregados no marco deste procedemento, asumindo as consecuencias que poidan derivarse da falsidade ou inexactitude dos mesmos.
- Facer a publicidade das actividades en lingua galega, empregar unha linguaxe non sexista, non discriminatoria e sen incitación ao odio ou a violencia.



- *Incluír nas accións promocionais e os materiais de difusión en medios físicos distintos ao cartel (folletos, publicidade e outras pezas promocionais) o logotipo da Deputación de Pontevedra, seguindo as súas respectivas normativas de identidade corporativa, accesibles en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>.*
- *Mencionar nas accións promocionais e os materiais de difusión en medios dixitais (redes sociais, sitios web, publicidade online) os perfís institucionais da Deputación de Pontevedra e incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra nas pezas gráficas anexas, seguindo as súas respectivas normativas de identidade corporativa descritas en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>.*
- *Conservar un exemplar de cada material promocional que forme parte da actuación financiada coa imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra durante un período de 1 ano para o suposto que se realicen actuacións de comprobación do cumprimento dos requisitos da convocatoria por parte do órgano concedente.*
- *Que o logotipo da Deputación de Pontevedra sexa visible durante a celebración da actuación.*
- *Facilitar, no caso, a colocación da publicidade estática proporcionada pola Deputación de Pontevedra nun lugar visible.*
- *Manter vixente en todo momento a póliza de responsabilidade civil e demais seguros obrigatorios.*
- *Obter todas as autorizacións e permisos necesarios para o bo desenvolvemento da actuación.*
- *Aboar as taxas da SGAE ou entidades análogas correspondentes de protección de dereitos de autor, cando corresponda.*
- *Cumprir coa normativa de seguridade e hixiene vixente en cada momento.*
- *Asinar pola persoa representante o certificado acreditativo da realización da actuación do grupo autorizado, que se lle remitirá xunto coa comunicación de concesión da actuación solicitada.*

Novena. Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal), e os certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Décima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes de actuacións comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

As solicitudes deberán presentarse cunha antelación mínima de 15 días naturais con respecto á data de realización da actuación. Non se atenderán as solicitudes realizadas cunha antelación menor ao devandito prazo.

Décimo primeira. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF das entidades solicitantes*
- *DNI/NIE das persoas representantes*
- *Domicilio fiscal das entidades solicitantes*
- *Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra*



No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décimo segunda. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación, necesaria para a tramitación do procedemento:

- *Cartel publicitario en galego do evento (segundo a normativa da Real Academia Galega) e en formato PDF, que deberá seguir as directrices de publicidade corporativa para a elaboración de carteis, dispoñibles na sede electrónica da Deputación de Pontevedra. O cartel deberá recoller a totalidade da programación ou actuacións previstas no evento, así como, de ser o caso, todos os patrocinadores, colaboradores e entidades participantes, e deberá incluír, en todo caso: o nome da entidade peticionaria, o nome do grupo ou grupos solicitados, a denominación do evento, a data e o lugar da actuación e o logotipo/ publicidade da Deputación de Pontevedra.*
- *Só no caso de que se solicite a impresión de carteis en formato A3, deseño propio da maqueta do cartel, en formatos abertos (InDesing ou similares) ou PDF.*

No caso de que o cartel achegado non sexa o definitivo, as entidades interesadas deberán presentar, sen que medie requirimento por parte da Administración, o cartel definitivo cunha antelación mínima de 15 días naturais con respecto á data de realización da actuación. Non se atenderán as solicitudes que non presenten o cartel definitivo cunha antelación menor ao devandito prazo.

A Deputación de Pontevedra resérvase o dereito de efectuar todas as comprobacións, verificacións e controis que considere oportunos co fin de acreditar o cumprimento dos requisitos relativos á presentación, contido e carácter definitivo do cartel publicitario, así como o resto dos datos achegados polas entidades solicitantes.

Décimo terceira. Notificacións

As resolucións e actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarta. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenericos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.



A sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo quinta. Instrución do procedemento e avaliación de solicitudes

Recibidas as solicitudes por parte das entidades interesadas, o Servizo de Cultura da Deputación, que actuará como instrutor do procedemento, realizará a correspondente revisión da documentación administrativa, o cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases, así como cantas actuacións que considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución.

Décimo sexta. Adxudicación das actuacións

Na adxudicación das actuacións apostarase polo equilibrio territorial e pola diversificación das categorías na repartición de fondos daquelas solicitudes que reúnan os requisitos, aplicando os seguintes criterios:

- *Atenderanse as solicitudes que realicen as entidades interesadas para un único evento mensual ata un máximo de seis eventos anuais e un máximo de mil catrocentos euros (1.400,00 €) por evento.*
- *Dúas entidades distintas non poderán presentar unha solicitude de actuación para o mesmo evento, autorizándose aquela solicitude que se presente en primeiro lugar e que reúna os requisitos.*
- *Só se autorizará unha actuación dun mesmo grupo do Catálogo “Culturea” por día para un mesmo evento.*
- *Unha vez autorizada unha actuación para un evento non se poderá realizar ningún tipo de cambio (nin de grupo nin de data), salvo casos de forza maior debidamente acreditados.*
- *En calquera caso, a concesión das actuacións queda suxeita á dispoñibilidade orzamentaria.*
- *No caso de insuficiencia de crédito para atender todas as solicitudes en tramitación, daráselles prioridade a aquelas solicitudes de grupos cun menor número de actuacións, sempre que estas cumpran cos requisitos establecidos nestas bases.*
- *Non se autorizarán aquelas actuacións nas que a entidade solicitante forme parte, directa ou indirectamente, do grupo sobre o que se solicita a actuación.*

Décimo sétima. Resolución da convocatoria

Instruído o procedemento, o órgano instrutor, á vista do expediente e da documentación requirida, ditará a proposta de resolución. Esta proposta de resolución será elevada ó deputado delegado de Cultura para a súa aprobación.

A resolución da convocatoria poralle fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xudiciais preceptivos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente.

O prazo máximo para resolver as solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria será de 15 días, contados a partir do día seguinte ao final do prazo para a presentación de solicitudes. De non mediar resolución expresa en dito prazo, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.



Décimo oitava. Pagamento das actuacións autorizadas

A través deste programa retribuiranse os grupos da provincia inscritos no Catálogo de grupos da provincia de Pontevedra polas actuacións autorizadas e realizadas ao longo do ano 2026 no ámbito territorial da provincia de Pontevedra coas contías establecidas pola Deputación na base sétima “Alcance do Programa”.

O pagamento das actuacións autorizadas con cargo a este programa efectuarase unha vez que se acredite a súa realización mediante o sistema de facturación accesible desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra [1986497/B Facturación de actuacións financiadas con cargo ao Programa Culturea], debendo achegar o certificado acreditativo da realización da actuación asinado pola entidade peticionaria.

Décimo novena. Información ás entidades interesadas

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional, a través dos seguintes medios:

- a. Páxina web da Deputación de Pontevedra: <https://www.depo.gal/es/culturea>*
- b. Páxina web <https://sede.depo.gal/> e introducindo no buscador o código de procedemento: “1986501 Solicitud de actuacións de grupos con cargo ao Programa Culturea”*
- c. Enderezo electrónico: cultura@depo.gal*

Vixésima. Vixencia

A vixencia destas bases iniciárase ao día seguinte da súa publicación, sendo de aplicación para todas as actuacións que se desenvolvan ao longo do ano 2026 e estarán condicionadas á existencia de consignación orzamentaria.

Vixésimo primeira. Aceptación das bases e exención de responsabilidade derivada da execución das actividades

A participación nesta convocatoria implica a plena aceptación destas bases, sen ningún tipo de reservas, ademais de todas as resolucións que adopte a Deputación.

A Deputación de Pontevedra quedará eximida de calquera responsabilidade derivada da execución das actividades que se desenvolvan ao abeiro da presente convocatoria, sendo obriga das entidades beneficiarias a contratación das mesmas, así como asegurarse do cumprimento da normativa de seguridade e saúde, riscos laborais, fiscal, laboral e outras que se atopen en vigor e poidan afectar a súa execución.

Vixésimo segunda. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalo, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



13.35865.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTES. 2025078814 E 2025077338)

A) Vista a relación de operacións con número 2025078814 (CSV: 39LCQLN946PMTOQR), que contén 1 operación por un importe de 1.246,05euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	1.246,05 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	1.246,05

B) Vista a relación de operacións con número 2025077338 (CSV:3GXOHLKMLEC95J4U), que contén 10 operacións por un importe de 66.060,09 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	66.060,09€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	66.060,09€

14.35866.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS AS ERMIDAS, DO CONCELLLO DE A LAMA; Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024). (EXPTE. 2024013993)

No expediente consta o informe do Xefe do servizo de data 25/11/2025 con CSV: CCSDRBGSQP95L4QB, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o antedito informe do Xefe do servizo de Cooperación e a



dilixencia de conformidade á renuncia da Intervención provincial de data 03/12/2025 con CSV: MNP75DJR0VK8V00N, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da Asociación de mulleres rurais As Ermidas, do concello de A Lama, con CIF G36577351, á subvención concedida por importe de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do Programa de Acción Comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024).

A aprobación da renuncia suporá para a Asociación a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.

15.35867.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL E MEDIOAMBIENTAL SERRA DO SUIDO PARA A “LIÑA 1: ARQUITECTURA DO MILLO”, DO CONCELLO DE VIGO APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (EXPTE 2025046094)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025.

Segundo.- En data 09 de xuño de 2025, Manuel Ángel Bugallo Otero, en representación da Asociación Cultural e Medioambiental Serra Do Suido (NIF: G75964346) presenta solicitude para “Liña 1: Arquitectura do Millo”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 1.410,00 € (sen incluír o IVE), presentando emenda posterior en data 03 de Xullo de 2025 cun orzamento definitivo do mesmo importe indicado.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á Asociación Cultural e Medioambiental Serra Do Suido, do concello de Vigo (NIF: G75964346) unha subvención de 697,26 € para “Liña 1: Arquitectura do Millo” con cargo á aplicación orzamentaria 25/330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 10/11/2025 e número de rexistro WEB2025078064, a Asociación Cultural e Medioambiental Serra Do Suido de Vigo, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non poder asumir a actividade proposta tendo que achegar unha cantidade que finalmente non é posible de realizar.



Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 13/11/2025 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola Asociación Cultural e Medioambiental Serra Do Suido (NIF: G75964346) documento con CSV: ADO99OQF9BK3IO2X.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola Asociación Cultural e Medioambiental Serra Do Suido (NIF: G75964346) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 697,26 € para a realización da actividade do “Liña 1: Arquitectura do Millo” (documento co CSV: 0U9KT1CVPSQ2JF3U).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

16.35868.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL DE MULLERES RURAIS PURÍSIMA CONCEPCIÓN DE CAMBADOS PARA A “LIÑA 1: IV FESTIVAL DE MULLERES RURAIS”, DO CONCELLO DE CAMBADOS APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (EXPTE. 2025039523)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025.



Segundo.- En data 28 de maio de 2025, Celia Dozo Castro, en representación da Asoc Cultural de Mulleres Rurais Purísima Concepción de Cambados (NIF: G94187366) presenta solicitude para “Liña 1: IV Festival de Mulleres Rurais”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 1.350,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á Asoc Cultural de Mulleres Rurais Purísima Concepción de Cambados, do concello de Cambados (NIF:G94187366) unha subvención de 557,81 € para “Liña 1: IV Festival de Mulleres Rurais” con cargo á aplicación orzamentaria 25/330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 12/11/2025 e número de rexistro WEB2025078518, a Asoc Cultural de Mulleres Rurais Purísima Concepción de Cambados de Cambados, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por motivos alleos á Asociación solicitante, que non pode efectuar a actividade antes do 31 de decembro do 2025.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 18/11/2025 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola Asoc Cultural de Mulleres Rurais Purísima Concepción de Cambados (NIF: G94187366) documento con CSV: BV6NFQC3VFJA0G12.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.



Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola Asociación Cultural de Mulleres Rurais Purísima Concepción de Cambados (NIF: G94187366) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 557,81 € para a realización da actividade do “Liña 1: IV Festival de Mulleres Rurais” (documento co CSV: RSE3UFJ37NF6BMJL).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



17.35869.- ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROXECTO SUBVENCIONADO DA ASOCIACIÓN CENTRO XUVENIL ABERTAL, DENTRO DA CONVOCATORIA “XRD A/25 PLAN + XUVENTUDE 2025” (EXPTE. 2025014479)

• ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o 29 de agosto de 2025, adoptou, entre outros, o acordo nº 2.35566, polo que se conceden subvencións en réxime de concorrncia competitiva das axudas destinadas á posta en marcha de iniciativas de interese social, promovidas pola xuventude da provincia de Pontevedra durante o ano 2025 e a aprobación do listado de entidade e grupos informais excluídos (Expte 2024067765).

Consta no expediente a relación de entidades beneficiarias (CSV: ZNCFDYR2SVYS15Y2), por un importe total de 101.588,58 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/233.2310.480.02.

De conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 12.2 Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as subvencións concedidas foron publicadas no BOPPO número 167 de 3 de setembro de 2025.

Consta na relación a concesión da seguinte subvención:

Expediente	NIF	Beneficiario	Concello	Nome do proxecto	Importe concedido
2025014479	G36633394	Asociación Centro Xuvenil Abertal	Vigo	Outra movida	5.000,00 €

Con data 26 de novembro de 2025, e número de rexistro WEB2025081268, dita entidade presenta escrito solicitando a autorización para a realización dun reaxuste de varias partidas do orzamento presentado coa solicitude e a adaptación dos contidos dos talleres de formación inicialmente propostos á demanda do colectivos xuvenil ao que están dirixidos.

Terceiro.- Unha vez examinada a solicitude, obsérvase que a xustificación ofrecida resulta insuficiente para valorar adecuadamente a procedencia da modificación solicitada, polo que con data 27 de novembro 2025, requiríuselle (NOT2025031167), para que achegase una xustificación ampliada e motivada da modificación que solicita cunha comparativa entre o proxecto inicialmente aprobado e a modificación proposta.

Con data 2 de decembro de 2025, e número de rexistro WEB2025082925, a Asociación Centro Xuvenil Abertal, presenta contestación ao requirimento.



Cuarto.- Revisada a solicitude, comprobase que as modificacións propostas límitanse a:

- Reducir o importe do concepto de gasto “desprazamento” de 250,00 € a 50,00 €, e incrementar coa diferenza a partida de “Material para actividade (xogos, material audiovisual, produtos de alimentación)” que pasa de 800,00 € euros a 1.000,00 €, tal e como se recolle na seguinte táboa:

Concepto	Descrición	Orzamento inicial	Modificación
Persoal	Persoa técnica responsable do proxecto (8 horas/semana)	2.612,32 €	Ningunha
	Persoa administrativa/contable (1 hora/semana)	326,70 €	Ningunha
Actividades	Material para actividades (xogos, material audiovisual, produtos de alimentación)	800,00 €	1.000,00 €
	Aluguer de Instalacións (sala de teatro, instalacións deportivas, --)	1.076,00 €	Ningunha
Desprazamentos	Transporte público dietas, alugues de vehículos,...	250,00 €	50,00 €
Honorarios	Formadores/as talleres	2.125,00 €	Ningunha
Seguros	Seguros de accidentes e responsabilidade civil	500,00 €	Ningunha
Xestión	Material funxible, cartalaría, comunicación e difusión	300,00 €	Ningunha
	Gastos indirectos (teléfono, auga, electricidade,...)	60,00 €	Ningunha
TOTAL		8.050,02 €	8.050,02 €

- E suprimir o taller de “Xogos de improvisación para o crecemento persoal e relacional” da proposta inicial e incorporar dous novos:

- Relación afectivas e comunicativas entre adolescentes e mozos/as (4 horas).
- Perspectiva psicolóxica de adolescentes e mozos/as (4 horas).

Quinta.- O artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (BOPPO nº 250, de 27 de decembro de 2024), establece que:

“(...)1. Salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a persoa ou entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos os prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou axuda pública.

2. A solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras da concesión.



3. *En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.*

4. *O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión da subvención será adoptada polo órgano que a conceden, previa instrución do correspondente expediente no que, xunto á proposta razoada do órgano instructor, se acheguen os informes pertinentes e, segundo o caso, a solicitude ou as alegacións da persoa beneficiaria, sen que poida significar dano aos dereitos de terceiros.”*

Dado que as bases reguladoras non inclúen previsión específica sobre estas solicitudes, resulta de aplicación o disposto neste precepto e no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Sexta.- Con data 3 de decembro de 2025, a Xefa de Servizo de Xuventude e Reto Demográfico emite informe proposta (CSV: IOK62HNPM99CMTRM) favorable á autorización de modificación do proxecto “Outra movida” solicitada pola Asociación Centro Xuvenil Abertal, xa que coa modificación mantense a finalidade da subvención, non se danan os dereitos de terceiros nin se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada.

Sétima.- Con data 9 de decembro de 2025, Intervención emite dilixencia de conformidade (CSV: XC8YF83CFB1R1DAY) respecto do informe proposta da Xefa de Servizo de Xuventude e Reto Demográfico anteriormente mencionado.

De acordo cos antecedentes expostos e ao amparo do establecido no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 84 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e demais normativa básica de pertinente aplicación, a Xunta de Goberna acorda por unanimidade:

– Aceptar a modificación do proxecto solicitada pola Asociación Centro Xuvenil Abertal (NIF G-36.633.394) dentro da convocatoria “XRD_A/25 PLAN + XUVENTUDE 2025.

Dito acordo será notificado á entidade solicitante nos termos establecidos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

18.35870.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA "REPOSICIÓN DO FIRME NA E.P. 7001 A ESTRADA-FORCAREI, DENDE O P.Q. 0+300 AO P.Q. 12+200. CONCELLO DE A ESTRADA". (EXPTE.2025071786)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas



con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 7001 A Estrada-Forcaei que percorre os termos municipais de A Estrada e Forcarei pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 21.509 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a reposición do firme, no treito comprendido entre os p.q. 0+300 ao p.q. 12+200, sendo este, dun total de 11.900 metros de lonxitude, que discorre de xeito íntegro polo Concello de A Estrada, a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por Cesar Paredes Rodríguez, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, o proxecto “Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcaei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada” cun orzamento base de licitación de 1.003.736,13 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: CRXOHNYP0M4I6YG.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcaei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12025000222018 por importe de 1.003.736,13 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial, certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: MSRT0U5NVJLFC5SK.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: NK3XJPVJUCRZYRKP, informe de supervisión favorable do proxecto, emitido por D. Evaristo Juncal Froján, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.



Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a drenaxe e pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada", redactado por Cesar Paredes Rodríguez, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, o cun orzamento base de licitación de 1.003.736,13 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: CRXOHNYPC0M4I6YG.

19.35871.- ADHESIÓN DESTA DEPUTACIÓN AO ACORDO MARCO 02/2023, "SUBMINISTRACIÓN DE COMPUTADORES DE SOBREMESA, COMPUTADORES PORTÁTILES, MONITORES E OUTRAS SOLUCIÓN DE POSTO DE TRABAJO" DENTRO DO SISTEMA DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA ESTATAL DA DIRECCIÓN XERAL DE RACIONALIZACIÓN E CENTRALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN DO MINISTERIO DE FACENDA. (EXPTE.2025071152)

Co obxecto de garantir que o persoal ao servizo da Deputación de Pontevedra dispoña do equipamento informático necesario para o adecuado desenvolvemento das súas funcións, faise precisa a adquisición de ordenadores de sobremesa, portátiles, monitores e outras solucións de postos de traballo. Estas adquisicións teñen como finalidade tanto a substitución dos equipos actuais debido a obsolescencia ou avarías continuadas, como a dotación de medios ao novo persoal para o correcto desempeño das súas tarefas.



Ata o de agora, estas adquisicións efectuábanse tanto a través do Acordo Marco 02/2020 da Central de Compras do Estado (acordo que actualmente non se atopa en vigor) como mediante outros procedementos de contratación. Con todo, á vista do bo funcionamento que ofrecera o devandito Acordo Marco, considérase que este tipo de procedemento é o máis adecuado para dar resposta a estas necesidades.

En informe de data 28 de outubro de 2025, remitido ao servizo de contratación por parte da xefatura do servizo de Novas Tecnoloxías, enuméranse as vantaxes de que a institución provincial estea adherida ao novo Acordo Marco 02/2023 “Subministración de computadores de sobremesa, computadores portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo”, do Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda. Esta adhesión permite ás entidades locais asociadas realizar a contratación destes elementos mediante un procedemento administrativo simplificado, máis áxil, que culmina coa adxudicación dun contrato baseado no Acordo Marco.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación e Patrimonio de data 14 de novembro de novembro de 2025, no que sinala “... Dado que o Servizo de Novas Tecnoloxías precisa realizar compras recorrentes de diverso equipamento e software informático, e considerando que os contratos baseados no Acordo Marco 02/2020 demostraron ser o mecanismo máis axeitado para atender este tipo de necesidades, a adhesión ao novo sistema de catálogo centralizado resulta especialmente vantaxosa. Este sistema permite aforrar tempo e custos, ademais de evitar a duplicidade de esforzos na xestión dos expedientes.

Por iso, propónse a adhesión da Deputación ao novo Acordo Marco 02/2023 para “Subministración de computadores de sobremesa, computadores portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo”, da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, do Ministerio de Facenda...”

Visto o informe favorable de Secretaría de data 01 de decembro de 2025.

Visto o informe favorable da Intervención de data 05 de decembro de 2025.

Considerando o sinalado na Disposición transitoria única da Orde HAP/2834/2015, de 28 de decembro, “Aqueles entes e entidades que contan cun acordo de adhesión vixente no momento de entrada en vigor desta Orde, entenderanse adheridos á Central de Contratación do Estado e a cada un dos acordos-marcos específicos aos que se adherida, salvo renuncia expresa”.

Considerando o disposto no artigo 229.3 da LCSP establece que: “O resto de entidades do sector público poderán concluír un acordo de adhesión coa Dirección Xeral de Racionalización e centralización da contratación do Ministerio de Facenda para contratarsuministros declarados de contratación centralizada..”

Considerando o disposto no apartado 7 do mesmo artigo: “A contratación de ...suministros centralizados poderá efectuarse a través dos seguintes procedementos: ..b) A través de Acordos Marco”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu



apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a Adhesión da Deputación de Pontevedra ao Acordo Marco 02/2023, “*Subministración de computadores de sobremesa, computadores portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo*” dentro do Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda.

20.35872.- DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2025 (ACORDO N° 2.35703), RELATIVO Á ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DO SISTEMA DE IMPRESIÓN PARA A IMPRENTA PROVINCIAL DESTA DEPUTACIÓN, COA CORRESPONDENTE RETROACCIÓN DAS ACTUACIÓN. (EXPTE.2025025952)

Resultando: Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, acordou a aprobación do expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “*subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra*”, constando a mesma de dous (2) lotes.

Resultando: Que á licitación do Lote nº 1 “*Novo equipo de impresión dixital profesional*”, presentáronse dúas empresas: Canon España, S.A.U. (CIF: A28122125) e Solitium, S.L. (CIF: B50570571). De acordo coas certificacións da Mesa de Contratación de apertura de ofertas técnicas, de aprobación das valoracións das propostas técnicas, de apertura da oferta económica e proposta de adxudicación, así como co informe técnico de valoración da oferta técnica do Lote 1, de data 16 de setembro de 2025, propúxose como adxudicatario do Lote nº 1 do devandito contrato á empresa Canon España, S.A.U. por presentar a mellor oferta, de conformidade cos criterios recollidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

Resultando: Que con data 06 de outubro de 2025 e número de rexistro de entrada WEB2025069474, a empresa Solitium, S.L. solicitou acceso á oferta presentada polo licitador Canon España, S.A.U. no Lote nº 1, resultando autorizada mediante Resolución Presidencial nº 2025008184, de data 09 de outubro de 2025.

Resultando: Que con data 23 de outubro de 2025 e número de rexistro de entrada WEB2025073473, a empresa Solitium, S.L. presenta alegacións á proposta de adxudicación, argumentando un erro na valoración dun dos criterios automáticos contemplados nos pregos, concretamente o criterio “*consumo eléctrico do equipo en funcionamento é inferior a 2.500W*”, con respecto á oferta presenta pola empresa Canon España, S.A.U.

Resultando: Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 24 de outubro de 2025, adxudicou o Lote 1 do contrato á empresa Canon España, S.A.U., por importe de 60.934,55 € (IVE engadido).



Resultando: Que con data 31 de outubro de 2025, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías emite informe en resposta ás alegacións presentadas polo licitador Solitium, S.L., no que resolve o seguinte:

“Tras analizar las alegaciones presentadas por SOLITIUM, S.L. y revisar la oferta del licitador CANON ESPAÑA, S.A.U., se constata la ausencia de errores materiales o de interpretación por parte del Servicio de Novas Tecnoloxías en el tratamiento de la información proporcionada por dicho fabricante.

La puntuación otorgada a CANON ESPAÑA, S.A.U. se asignó conforme a la documentación y afirmaciones presentadas por el propio licitador, que fueron consideradas veraces durante la evaluación, al tratarse de una oferta presentada directamente por el fabricante”.

Resultando: Que tomando en consideración o sinalado no devandito informe, coa mesma data e número de rexistro de entrada 15739, o servizo de Contratación da Deputación de Pontevedra remitiu o expediente completo de contratación ao Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Galicia, acompañado dun informe, emitido polo xefe do servizo de Contratación, no que conclúese o seguinte, en relación ás alegacións presentadas:

“O escrito impugnatorio dirixese, en realidade, contra un acto de tramite como é un requirimento ou no mellor dos casos, contra a mera proposta da Mesa de Contratación que non foi notificada aos licitadores. Estamos, por tanto, ante actos de trámite carentes de autonomía impugnable conforme ao artigo 44 da LCSP, cuxa natureza o sitúa fóra do alcance do recurso especial previsto no artigo 55 c).

No referente as cuestións técnicas referentes á puntuación otorgada, remitimos ao informe do servizo de Novas Tecnoloxías (Doc. 02) no que constatan a ausencia de erros no tratamento da información proporcionada pola empresa Canon España, “que foi considerada veraz na evaluación ao tratarse dunha oferta presentada directamente polo fabricante”.

En virtude de todo o exposto no informe, entendemos que o procedente é que se declare a inadmisión —e, subsidiariamente, a desestimación— do recurso interposto.”

Resultando: Que con data 04 de novembro de 2025, o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Galicia emite resolución nº 211/2025, en relación ao recurso 223/2025, declarando o seguinte:

“(…) non son, en xeral, impugnables autonomamente trámites do iter procedimental do expediente como son a valoración ou a clasificación de ofertas, sen prexuízo, como acabamos de apuntar, do que se considere cando apareza o acto culminativo, neste caso o acordo de adxudicación, momento a partir do cal o recorrente poderá exercer as accións procedentes en defensa do seu dereito”.

Resultando: Que o acordo de adxudicación publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra con data 07 de novembro de 2025, notificándose aos licitadores nesa mesma data.

Resultando: Que con data 14 de novembro de 2025 (Rexistro entrada núm. 2025021370), o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Galicia informou do recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa Solitium, S.L. (CIF: B50570571) contra o acordo de adxudicación do Lote nº 1 da presenta contratación, solicitando o expediente de contratación, acompañado de informe.

No referido recurso, a empresa recorrente solicita que o Tribunal acorde a nulidade do acordo de adxudicación, retrotraendo as actuación ao momento de apertura e valoración da oferta económica, co conseguinte recálculo das puntuacións, outorgándolle 0 puntos ao criterio *«consumo eléctrico do equipo en*



funcionamento é inferior a 2.500W a Canon España, S.A.U., adxudicataria do Lote 1, o que suporía propor como adxudicataria do Lote Nº 1 á empresa recurrente.

Resultando: Que con data 18 de novembro de 2025, o servizo de Contratación da Deputación de Pontevedra remite o expediente completo ao Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Galicia, no que consta informe de Novas Tecnoloxías en resposta do recurso (CSV: E3EQTADFIS5DD3IP), que conclúe como segue:

“Tras analizar el contenido del recurso presentado por la empresa SOLITIUM, S.L., el Servicio de Nuevas Tecnologías se remite al informe técnico emitido, con fecha del 30 de octubre, en respuesta a las alegaciones presentadas por esta empresa”.

Resultando: Que o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Galicia, mediante resolución de data 02 de decembro de 2025, estimou parcialmente o recurso interposto por Solitium, S.L., por considerar incorrecta a valoración efectuada da oferta da empresa adxudicataria do lote litixioso, declarando o seguinte:

“(…) tendo en conta tamén a ausencia de calquera explicación no informe do órgano de contratación a este recurso que permita apreciar que a oferta da adxudicataria efectivamente foi correctamente valorada, de conformidade coas regras ao efecto establecidas nos pregos da licitación, procede a estimación da impugnación coa necesaria anulación do acordo de adxudicación, en canto que o mesmo non se atopa debidamente motivado.

Agora ben, iso non supón que, como se nos solicitada, debemos declarar que a oferta da adxudicataria merece 0 puntos no criterio aquí impugnado, e polo tanto non resultaría gañadora da licitación, pois o certo, como xa explicamos, é que as ofertas non foron correctamente valoradas, polo que o adecuado é a retroacción do procedemento ao momento previo á puntuación dos criterios automáticos, para que se efectúe a valoración das propostas de conformidade coas regras fixadas no PCAP”.

Resultando: Que tendo en conta o informe proposta do servizo de Contratación, de data 09 de decembro de 2025 (CSV: 7VBD1Q0JZG8GBP XV), no que se conclúe que:

“Á vista da Resolución do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Galicia, en resposta ao recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa Solitium, S.L. (CIF: B50570571) contra o acordo de adxudicación do lote 1 da contratación da “subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra”, ponderada a necesidade de dispoñer canto antes das subministración obxecto do contrato, (co perxuízo que suporía para esta Administración retrasar máis a súa efectiva execución interpoñendo un recurso contencioso), considérase convinte acatar a resolución do Tribunal.

Para o cumprimento da Resolución, faise necesario deixar sen efecto e anular o acordo de adxudicación e retrotraer as actuacións ao momento anterior á valoración dos criterios de adxudicación de carácter automático para efectuar unha nova valoración, de forma completa, precisa e inequívoca en relación ao cumprimento dos pregos, en consonancia co sinalado nos mesmos e na citada resolución”.

Considerando.- Que, ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde ao Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Galicia a competencia para resolver o recurso especial en materia de contratación interposto por Solitium, S.L. contra o acordo de adxudicación do Lote nº 1 da devandita contratación.

A resolución do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Galicia é directamente executiva no seus propios termos, definitiva na vía administrativa, e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a



contar desde o día seguinte á súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Considerando.- O artigo 57.2 LCSP, polo que se sinala que a resolución do recurso especial en materia de contratación debe decidir motivadamente sobre a anulación de actos contrarios á dereito adoptados durante o procedemento de adxudicación e, se procede, sobre a retroacción das actuacións.

Considerando.- O disposto no artigo 57.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal no caso de estimación total ou parcial do recurso, o órgano de contratación deberá dar coñecemento ao órgano que houbera ditado a resolución, das actuacións adoptadas para o cumprimento da mesma.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1- Deixar sen efecto e anular o acordo de adxudicación, de data 24 de outubro de 2025, en execución da resolución núm. 238/2025, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), que estima parcialmente o recurso especial e ordena a retroacción das actuacións.
- 2- Retrotraer as actuacións ao momento anterior á valoración dos criterios de adxudicación de carácter automático para efectuar unha nova valoración, de forma máis completa, precisa e inequívoca en relación ao cumprimento dos pregos.
- 3- Poner en coñecemento do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) das actuacións realizadas para o cumprimento da súa Resolución.

21.35873.- AUTORIZAR O CAMBIO DO PROXECTO TÉCNICO QUE HA DE REXER A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN DISTINTAS PARROQUIAS (SAN MATEO DE OLIVEIRA, ARCOS, PADRÓNS, AREAS, CUMIAR, PONTEAREAS E BUGARÍN”, INCLUÍDO NO PLAN + PROVINCIA 2025-CONCELLO DE PONTEAREAS (EXPTE.2025018263)

ANTECEDENTES:

- Mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 15.35068, de 11/04/2025, concedéuselle ao Concello Ponteareas, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, unha subvención por importe de 203.238,11 euros co obxecto do financiamento do investimento “Pavimentación de camiños en distintas parroquias do Concello de Ponteareas (San Mateo de Oliveira, Arcos, Padróns, Areas, Cumiar, Ponteareas e Bugarín)” (2025018263),



cuxo orzamento ascendía ao mesmo importe (191.947,70 euros de execución de obra e 11.291,01 de asistencias técnicas á redacción do proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde).

– Resultando que, durante a supervisión técnica do proxecto previa ao inicio do procedemento de licitación considerouse a conveniencia de introducir axustes parciais na delimitación dalgúns tramos e na descrición das obras, sen variar o orzamento total ni o obxecto da actuación e, por esta razón, en data 13/11/2025, con núm. de rexistro de entrada núm. WEB 2025078843 na sede electrónica da Deputación, o Concello de Pontearreas achega un proxecto reformulado e solicita a súa tramitación.

– Subliñar que, a petición do Concello de Pontearreas relativa a reformulación do proxecto técnico sen variar a tipoloxía inicialmente aprobaba, cumpre os requisitos que establece a base reguladora 29ª do Plan + Provincia 2025, contando con informe favorable dos facultativos técnicos da Deputación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

– Base reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

– Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DA REFORMULACIÓN

- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025, que dispón con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión e antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre que non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar unha modificación do acordo ou da resolución de concesión pola necesidade de reformular o proxecto sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, sendo un dos motivos que dan lugar á reformulación a necesidade de readaptar, redefinir ou variar algún dos conceptos subvencionados recollidos no proxecto antes da licitación do investimento. Se a reformulación do proxecto técnico, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, non supón unha variación orzamentaria con respecto ao proxecto inicial, o órgano competente da Deputación aprobará o proxecto reformulado sen modificar o contido económico da resolución ou do acordo de concesión.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/12/2025, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 05/12/2025 que conclúen favorablemente o cambio de proxecto, e do informe da Intervención provincial, de data 10/12/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que ha de rexer a execución do investimento “*Pavimentación de camiños en distintas parroquias (San Mateo de Oliveira, Arcos, Padróns, Areas, Cumiar, Pontearreas e Bugarín)*” (expdte 2025018293). O novo proxecto técnico (CSV DLUWENKHHLET9GDQ) non supón alteración do orzamento orixinal nin do importe da subvención concedida, non altera a obra na súa formalización, non supón unha baixa na calidade do proxectado e resposta á finalidade orixinaria da axuda. As variacións débense á correccións de erros operativos detectados e á melloras de proxecto mediante a reformulación de decisións.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado a 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Pontearreas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



22.35874.- COMUNICACIÓN

Dar conta de sentenzas, autos, decretos, providencias e resolucións doutras administracións, levadas polo servizo de Asesoría Xurídica desta Deputación:

SENTENZAS FAVORABLESINFRAESTRUCTURAS

01. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 203/25, promovido por D. Sergio Budiño Estévez, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos no termo municipal de Bueu. (Expte. nº 2025050022)

Dada conta que con data 25 de novembro de 2025, tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 203/25, promovido por D. Sergio Budiño Estévez, contra o acordo da Xunta de Goberno de data 21/4/25, que desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polo demandante por danos en vehículo que tiveron lugar o día 2/10/22, a consecuencia dun socavo na E.P. 1304, no Igrexario de Cela no termo municipal de Bueu, cuantificados na cantidade de 782,00 €) na que se desestima a demanda sen imposición de custas, e cuxa defensa se lle encomendou á letrada D^a Ana Martínez Gómez pertencente ó Gabinete Xurídico Mardoc.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

02. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 125/25, promovido por D. Héctor García Gómez, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos no termo municipal de Tomiño. (Expte. nº 2025028201)

Dada conta que con data 28 de novembro de 2025, tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 125/25, promovido por D. Héctor García Gómez, contra o acordo da Xunta de Goberno de data 23/5/25, que inadmitiu a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polo demandante por danos en vehículo que tiveron lugar o día 17/01/24, producidos pola caída dunha arbore no p.q. 2,428 da E.P. 3103, de Cristelos a Burgueira no termo municipal de Tomiño, cuantificados na cantidade de 2.839,42 €) na que se desestima a demanda sen imposición de custas, e cuxa defensa se lle encomendou á letrada D^a Ana Martínez Gómez pertencente ó Gabinete Xurídico Mardoc.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



03. Sentenza do Tribunal de Instancia Sección Civil e de Instrución Plaza nº 2 de Redondela, ditada nas Dilixencias Urxentes/Xuízo Rápido nº 252/25, seguidas contra D. Benigno Filgueira Pereira, por un delito de danos (Expte. 2025045192)

Dada conta que con data 3 de decembro 2025, tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal de Instancia Sección Civil e de Instrución Plaza nº 2 de Redondela (ditada nas Dilixencias Urxentes/Xuízo Rápido nº 252/25, seguidas contra D. Benigno Filgueira Pereira, por danos causados nun poste con dous sinais de tráfico no p.q. 3+400 da E.P.2908, con motivo do accidente ocorrido o día 01/06/25, no termo municipal de Soutomaior) na que se condena ó acusado dun delito contra a seguridade vial, previsto e penado no artigo 379.2 do Código Penal, á pena de catro meses de multa a razón de 5 euros ao día (total 600,00 €) mais a privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo oito meses, así como a indemnizar á Deputación de Pontevedra na cantidade de 272,28 € polos danos causados, con imposición de custas, e cuxa defensa se lle encomendou ó letrado D. Juan Carlos Abeigón Vidal.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

AUTOS DESFAVORABLES

RECURSOS HUMANOS

04. Auto do Xulgado do Contencioso – Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditado na Execución Provisional nº 32/25, dimanante do procedemento abreviado nº 134/24, promovida por D. Juan Gabriel Fernández García De La Rocha, sobre materia de persoal. (Expte. nº 2025071439)

Dada conta que con data 27 de novembro de 2025 tivo entrada nesta Deputación Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaído na Execución Provisional núm. 32/25 -dimanante do Procedemento Abreviado nº 134/24- promovida por D. Juan Gabriel Fernández García De La Rocha, na que interesaba o despacho provisional da execución da sentenza de data 18/6/25, ditada pola Sala do Contencioso - administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, estimatoria do recurso de apelación interposto fronte á sentenza ditada por este Xulgado de data 31/1/ 2025, na que se lle recoñece ó demandante o dereito a ser restituído no seu posto de traballo de Xefatura de Servizos de Novas Tecnoloxías, con efectos do día 11/3/24) no que se acorda a execución provisional da sentenza nº 423/2025 de data 18/6/25, ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de apelación núm. 138/2025, sen imposición de custas, e cuxa defensa se lle encomendou á empresa *Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L.*

Queda enterada a Xunta de Goberno do contido do mesmo, contra a que se pode interpoñer recurso de apelación.



23.35875.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

24.35876.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

